

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 27 DE MAIO DE 2022**

Ás 10.00 horas do día 27 de maio de 2022, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

### **Deputados de Democracia Ourensana:**

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

Os deputados de Democracia Ourense, don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, ausentáronse do salón de sesións cando se trataba o punto décimo da orde do día, e non regresaron.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE ABRIL DE 2022.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do 29 de abril de 2022.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 29 de abril de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

### **2º.- APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS DEPENDENTES DOS CENTROS DE RECOLLIDA DE XINZO DE LIMIA, O CARBALLIÑO E OS FUTUROS CENTROS SITUADOS EN MELÓN, MUIÑOS E A RÚA.**

O Sr. presidente anuncia que, tal e como se tratou na Xunta de Portavoces, os puntos 2º, 3º e 4º se debaterán conxuntamente e a votación será por separado. Seguidamente somete a votación a ratificación da inclusión na orde do día do punto 4º, que non foi ditaminado en comisión informativa, e que é a adhesión ao Programa VioPet do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, que é aprobada por unanimidade.

A continuación o Sr. secretario dá conta dos respectivos ditames das comisións informativas correspondentes, así como da proposta da adhesión ao referido Programa VioPet.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza indicando que o seu voto vai ser favorable nos tres puntos que se están a debater, que a adhesión ao programa VioPet ven a colación dunha proposta similar que se tratou no pleno do concello de Xinzo de Limia e que lle parece unha idea fantástica, polo que agradece tanto a proposta de Elvira Lama do PSOE por esta proposta, como a Pablo Pérez do PP por acoller e mellorar esta.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que a modificación da ordenanza do servizo e da ordenanza fiscal son modificacións técnicas de adaptación á nova normativa comunitaria existente. Indica que bota de menos que a DPO preste este servizo de canceiras de xeito gratuíto para os concellos ou cun sistema de repercusión nos concellos que sexa máis xusto. Remata indicando que o voto do seu grupo vai ser favorable, e que lle parece unha moi boa iniciativa a adhesión ao programa VioPet.

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que os puntos 2º e 3º consisten en adaptacións legais, polo que están conformes con elas. Respecto ao punto terceiro, sinala que fixo esta proposta a raíz dun caso acontecido no concello de Xinzo de Limia, indicando que o programa VioPet do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 ten por obxecto facilitar a saída do fogar da muller vítima de violencia de xénero que ten unha mascota ao seu cargo. Durante o seu primeiro ano este programa deu cobertura a máis de trescentas mulleres vítimas de violencia de xénero, e actualmente este programa conta cunha rede de máis de oitocentas casas de acollida repartidas por todo o Estado, manifestando que se sente moi orgullosa de traer agora esta iniciativa á Deputación como institución responsable do servizo intermunicipal nesta provincia. Por último apunta que na web provincial está colgada a ordenanza fiscal provincial, pero non a ordenanza provincial do servizo, polo que pide que se complete esta publicidade activa.

- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): Volve sinalar que os puntos dous e tres obedecen a adaptacións normativas, se ben sinala que tamén é importante sinalar que se incorpora unha bonificación do 100 % na taxa por adopción para as asociacións protectoras de animais adheridas ao convenio coa Deputación Provincial, e aproveita esta ocasión para agradecer e por en valor o importante traballo que realizan estas asociacións. No caso de adhesión ao programa VioPet sinala estar conforme con todo o manifestado ata agora,

destacando o importante papel que vai ter esta Deputación e como se van asumir desde a institución provincial os custos de traslado e urxencia veterinaria destas mascotas.

O contido íntegro das intervencións transcritas recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o ditame e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal das taxas polo servizo prestado pola rede provincial de centros de recollida de animais abandonados publicada no BOP núm. 39, do 17 de febreiro de 2014, co seguinte contido:** (en cursiva e subliñado os cambios):

Introducir o termo *e reacollida* no parágrafo 2.2) do artigo 1.

Suprimir os parágrafos 2.d) e e) do artigo 1.

Modificar o enunciado do Título primeiro a fin de adaptalos termos xurídicos a terminoloxía empregada pola Lei 4/2017 quedando redactado como segue:

Título primeiro. Da taxa polo servizo de recollida de animais abandonados

Modificar o artigo 2.1 a fin de adaptalo termos xurídicos a terminoloxía empregada pola Lei 4/2017, adaptala a linguaxe inclusiva e adaptala aos novos requisitos e medidas establecidas no artigo 23 da Lei 4/2017 para a entrega en adopción dos animais abandonados quedando redactado como segue:

1. Constitúe o feito impositivo da taxa do servizo de recollida de animais abandonados a recollida de animais *domésticos vagabundos ou* extraviados e o seu mantemento nun centro de recollida, trala súa entrega previa ao propietario ou posuidor, ou entrega en adopción. O servizo declárase de recepción obrigatoria para as persoas propietarias ou posuidoras dos animais.

Suprímese o parágrafo 2 do artigo 2 por eliminarse as taxas polos servizos de sacrificio e cremación.

Modificar o artigo 4 para adaptala á linguaxe inclusiva e suprimir a referencia a eutanasia quedando redactada como segue:

A taxa devindicarase no momento en que se presten os servizos gravados (recollida e estancia do animal no centro de recollida) e ata a súa entrega efectiva á persoa propietaria ou posuidora ou ata o seu *falecemento*.

Modificar o parágrafo b do artigo 5 para suprimir a referencia a eutanasia quedando redactada como segue:

b) Tarifa pola estancia do animal no centro de recollida, ata a data da súa recollida voluntaria pola persoa propietaria, a súa entrega en adopción ou o seu *falecemento*: 3,5 euros por día completo de estancia ou fracción.

Suprímese o parágrafo 2 do artigo 6 por eliminarse as taxas polos servizos de sacrificio e cremación.

Modifícase o artigo 7 para adaptala aos novos requisitos e medidas establecidas no artigo 22.3 da Lei 4/2017 para a entrega en adopción dos animais abandonados quedando redactado como segue:

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, os que teñan a consideración de persoas propietarias ou posuidoras dos animais recollidos, e realicen a entrega do animal nun centro integrado na Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados *cumprindo o disposto na Ordenanza do servicio*.

Modifícase o artigo 8 para adaptala a linguaxe inclusiva quedando redactado como segue:

A taxa devindicarase no momento en que se entregue o animal, ben sexa no propio centro, ben no domicilio ou lugar de recollida que indique *a persoa propietaria ou posuidora*.

Modifícase o artigo 9.b) para adaptala a linguaxe inclusiva quedando redactado como segue:

b) Pola recollida no domicilio ou lugar de recollida que indique a persoa propietaria: aplicaranse ademais da tarifa recollida no apartado a), as tarifas previstas nos apartados a.1 ou a.2 do artigo 5, segundo proceda.

Modificar o enunciado do Título terceiro a fin de adaptar os termos xurídicos á terminoloxía empregada pola Lei 4/2017 quedando redactado como segue:

Título III. Da taxa pola prestación do servizo de entrega en adopción ou reacollida de animais domésticos abandonados

Modifícase o artigo 10 para adaptala aos novos requisitos e medidas establecidas no artigo 24.2.d) da Lei 4/2017 para a entrega en adopción dos animais abandonados. A modificación implica a supresión da última frase do primeiro parágrafo quedando redactado como segue:

Constitúe o feito imponible da taxa do servizo de entrega en adopción de animais a entrega en propiedade a unha persoa física ou xurídica dun animal doméstico existente no centro, nas condicións previstas na ordenanza reguladora do servizo.

Inclúense no feito imponible a prestación dos servizos de colocación do microchip, vacinación e desparasitación do animal entregado, no suposto de que sexan necesarios para garantir a entrega do animal en perfectas condicións hixiénico – sanitarias.

En ningún caso esta taxa terá a consideración de contraprestación patrimonial pola mera entrega do animal, que como tal terá carácter gratuíto.

Modifícase o artigo 13 para adaptala aos novos requisitos e medidas establecidas no artigo 22.3 da Lei 4/2017 para a entrega en adopción dos animais abandonados quedando redactado como segue:

As cotas tributarias serán as seguintes:

En caso de recollida: 100 euros.

En caso de adopción (podendo ser acumulativos):

Custes derivados da identificación: 25 €

Se houbese sido necesario subministrarlle tratamentos: 15 €

Se houbera sido necesario aplicarlle sistemas de esterilización: 0 €

Establécense as seguintes bonificacións:

Cando o suxeito pasivo sexa unha asociación de protección e defensa dos animais: 50%

Cando o suxeito pasivo sexa unha asociación de protección e defensa dos animais que teñan a condición de entidade colaboradora da Deputación ao ter suscrito un convenio de colaboración: 100%

Estas bonificacións só se aplicarán nos casos en que sexa a propia asociación a que adopte ao animal.

Nos casos nos que a asociación realiza un labor de intermediación na xestión da adopción, o suxeito pasivo será a persoa que adopte ao animal, e as tarifas aplicables serán as que correspondan en cada caso.

Suprímese o Título IV. Da taxa pola prestación do servizo de sacrificio.

Suprímese o Título V. Da taxa pola prestación do servizo de cremación de animais domésticos.

Suprímese o artigo 22 Actualización das tarifas das taxas para adaptala a Lei 2/2015, de 30 de marzo de desindexación da economía española.

A consecuencia das supresións anteriores o antigo Título VI. Disposición comúns. Pasa a ser Título IV mantendo a súa denominación. Procédese a renumeración dos artigos 23 e seguintes pasando a ser 14 e seguintes.

Modifícanse os parágrafos 1 e 2 do artigo 23 para adaptalo a linguaxe inclusiva quedando redactado como segue:

1. Na aplicación das taxas establecidas e reguladas na presente ordenanza, consideraranse *persoas propietarias ou posuidoras* dos animais domésticos aos que figuren como tales na información que conste no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía segundo o número de serie que obre no microchip, ou na placa ou tatuaxe do animal, ou aquel

cuxa titularidade ou posesión do animal lle conste acreditada á Administración provincial mediante calquera outro medio de proba admisible en Dereito.

2. Poderán ter a condición de *persoa propietaria ou posuidora* do animal tanto as persoas físicas e xurídicas como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria.

Modifícase o parágrafo 2 do artigo 24 para adaptalo a linguaxe inclusiva e adaptar as formas de pago quedando redactado como segue:

2. As taxas esixíranse en réxime de autoliquidación, que será realizada *pola persoa interesada* coa asistencia do persoal encargado dos centros de recollida..

O pagamento poderá realizarse mediante ingreso en conta en entidade de crédito colaboradora ou mediante calquera outro medio autorizado pola Presidencia da Deputación Provincial.

**2º.- Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación en nun dos xornais de maior difusión da provincia, de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da Corporación Provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formularsen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.**

**3º.- APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS DEPENDENTES DOS CENTROS DE RECOLLIDA DE XINZO DE LIMIA, O CARBALLIÑO E OS FUTUROS CENTROS SITUADOS EN MELÓN, MUÍÑOS E A RÚA.**

A deliberación deste punto tivo lugar conxuntamente co punto 2º e 4º da orde do día.

Non se producen intervencións someténdose a votación o ditame, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar inicialmente da modificación da ordenanza reguladora do servizo prestado pola rede provincial de centros de recollida de animais abandonados publicada no BOP núm. 39, do 17 de febreiro de 2014, co seguinte contido:** (en cursiva e subliñado os cambios):

Modificar os parágrafos 1, 2, 4 do artigo 2 a fin de adaptalos termos xurídicos a terminoloxía empregada pola Lei 4/2017 quedando redactado como segue:

1. O servizo de recollida de animais abandonados comprenderá a recollida de animais domésticos *vagabundos ou extraviados* que *deambulen* polos termos municipais dos concellos incluídos na Rede. Entenderase por animal doméstico os definidos como tales na lexislación galega de protección destes animais.

Presumirase a condición de animal vagabundo ou extraviado en todo aquel que circule polos espazos públicos sen acharse baixo o control dunha persoa.

2. Non se considerarán animais vagabundos ou extraviados, para os efectos da presente ordenanza, os seguintes:

Os animais *silvestres*, en xeral.

Os animais que formen parte de explotacións de carácter pecuario.

As reses sen dono, cuxa recollida e administración rexerese pola súa normativa específica.

4. A recollida levarase a cabo procurando en todo momento evitar o sufrimento do animal. Para estes efectos, e no caso de animais *potencialmente* perigosos, poderán empregarse técnicas de minimización de carácter inocuo, tales como dardos anestésicos ou outras análogas.

Excepcionalmente, e só cando se estime absolutamente indispensable para evitar causar danos ás persoas, poderá procederse ao sacrificio do animal.

Modificar os parágrafos 6 e 7 do artigo 2 para adaptala aos novos requisitos e medidas establecidas no artigo 23 da Lei 4/2017 para a entrega en adopción dos animais abandonados e a linguaxe inclusiva quedando redactado como segue:

6. Se os animais recollidos se atopasen identificados ou tivesen persoa propietaria coñecida, o centro porá no seu coñecemento a entrada do animal no prazo de 48 horas desde a súa recollida. Se transcorreran 2 días naturais dende a comunicación e o titular non procede a retirar ao animal, o centro notificaralle que dispón dun prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte ao da devandita notificación, para a recuperación do animal, logo da satisfacción de todos os gastos, incluídos os veterinarios, derivados da súa recollida e estancia no centro e exhibindo a licenza correspondente no suposto de que se tratara dun animal potencialmente perigoso. Se transcorrido este prazo non o recollerá o animal pasará a ter a consideración de animal abandonado e o centro porá os feitos en coñecemento da consellería competente en materia de protección animal para os efectos da apertura do correspondente expediente sancionador.

7. Os animais recollidos que se atopen identificados ou se coñeza a identidade da persoa propietaria quedarán baixo custodia da Deputación Provincial e continuarán sendo de propiedade do seu titular ata que transcorran os prazos recollidos na alínea anterior.

Os animais recollidos que non se atopen identificados nin teñen dona ou dono coñecido terán a consideración de animal abandonado dende o mesmo momento de ser recollido. Transcorrido o prazo de dez días naturais dende a entrada no centro de acollida sen ser reclamado pola persoa propietaria, posuidora ou autorizada, previa acreditación da propiedade ou posesión, o centro queda habilitado para darlle o destino que legalmente proceda.

A mera comunicación, por parte da persoa propietaria, posuidora ou autorizada, da súa condición de tal non interromperá o transcurso do prazo nin impedirá a adquisición do animal por parte da Deputación, agás no suposto excepcional de que se acrediten causas de forza maior que impidan a recollida efectiva do animal, suposto no que, trala declaración previa da concorrencia da dita causa excepcional, suspenderase o prazo de que dispón para a recollida por máximo de quince días hábiles.

Unha vez adquirida a propiedade do animal, a Deputación quedará habilitada para a súa cesión a terceiras persoas ou o seu sacrificio, nos supostos en que proceda este último, conforme co establecido na presente ordenanza e na lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia.

Modificar o parágrafo 8 do artigo 2 para adaptala aos novos requisitos e medidas establecidas no artigo 15.4 e 5 da Lei 4/2017 quedando redactado como segue:

8. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a Deputación Provincial poderá ordenar o inmediato sacrificio do animal debidamente motivado por escrito por unha ou un profesional veterinario nos seguintes supostos:

a) co fin de lle evitarlle un sufrimento grave e irremediable ou unha afección grave .

b) por razóns motivadas de sanidade e benestar animal, de saúde pública ou de seguridade das persoas ou medioambientais

Modificar o título do artigo 3 así como o seu parágrafo 1 para adaptalo aos novos requisitos e medidas establecidas no artigo 22.3 da Lei 4/2017, suprimir a referencia a eutanasia e limitar a recollida de animais abandonados aos cans debido as características das instalacións e a imposibilidade de asumi-lo control das colonias de gatos, quedando redactado como segue:

Artigo 3. Do servizo de recepción de animais abandonados nos centros de recollida.

1. O servizo de recepción e mantemento de animais abandonados nos centros de recollida comprende a aceptación da cesión dos animais voluntariamente entregados polos seus donos ou posuidores e o seu mantemento ata tanto estes non sexan adoptados por unha terceira persoa ou recollidos polo cedente. A recollida deste animais queda supeditada a que as persoas cedentes presenten unha declaración responsable de que non poden cumprir a asunción das obrigas das persoas propietarias ou posuidoras de animais de compañía recollidas na Lei 4/2017, de 3 de outubro de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia ou a norma que a substitúa.

Este servizo refírese unicamente aos cans, sen que en ningún caso se admita a entrega doutro tipo de animais. A fin de garanti-lo benestar dos gatos ferais e evita-las posibles molestias que poidan ocasionar á poboación así como para buscar acomodo aos gatos domésticos abandonados, tratarase de chegar a acordos coas asociacións de defensa dos dereitos animais máis representativas dos lugares onde estes habitan, tanto para crear colonias felinas controladas como para posibilita la adopción dos gatos domésticos abandonados.

Modificar o parágrafo 2 do artigo 3 para adaptala linguaxe inclusiva quedando redactado como segue:

2. No momento de realizar a entrega do animal, a persoa cedente deberá acreditar a súa titularidade ou xustificar a súa posesión, e facer entrega da cartilla sanitaria correspondente. No suposto no que o animal non dispoña de microchip e non estea debidamente rexistrado, vacunado e desparasitado, procederase á realización destes trámites e actuacións por parte dos servizos da rede.

A entrega do animal documentarase mediante acta administrativa, coa conformidade expresa da persoa interesada, producíndose no momento da súa sinatura a transmisión da propiedade do animal á Deputación Provincial. Na acta de entrega figurarán os datos identificativos do animal e da persoa cedente, e aqueloutros que se esixan pola lexislación vixente.

A entrega do animal terá sempre carácter gratuíto, sen prexuízo da liquidación á persoa cedente das taxas que correspondan ao servizo de recepción e mantemento, que retribuirán exclusivamente o custo do servizo para a administración.

Modificar o parágrafo 1 do artigo 4 para adaptala aos novos requisitos e medidas establecidas no artigo 24.2.c) da Lei 4/2017 quedando redactado como segue:

1. O servizo de entrega en adopción consistirá na posta a disposición e entrega en propiedade ás persoas que o soliciten dos animais recollidos na Rede de titularidade da Deputación que teñan a condición de abandonados e que sexan declarados aptos polo veterinario ou veterinaria responsable do centro.

Modificar os parágrafos 2.c), 4, 5 e 6 do artigo 4 para adaptala a linguaxe inclusiva, a nova terminoloxía empregada pola Lei 4/2017 e aclarar a transitoriedade da Lei 30/1992 quedando redactado como segue:

2. Poderán obter a entrega en adopción dos animais da Rede as persoas físicas que o soliciten e reúnan os seguintes requisitos:

c) Asumir expresamente o cumprimento das obrigas propias das persoas propietarias e posuidoras de animais de compañía establecidas pola lexislación galega de protección destes animais.

4. As persoas interesadas solicitarán por escrito a entrega en adopción, mediante os modelos normalizados que se establezan para o efecto, nos que se identificará o animal solicitado. No caso de persoas físicas, a solicitude incluíra unha declaración responsable do cumprimento do requisito sinalado na letra b) do apartado 1 do presenta artigo.

5. A presentación da solicitude no rexistro de calquera centro de recollida pertencente á rede ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou artigo que o substitúa implicará automaticamente a reserva do animal a favor da persoa solicitante.

O animal solicitado non poderá ser cedido en adopción a outra persoa ata tanto non se resolva o procedemento iniciado coa solicitude.

6. Unha vez comprobado que a persoa solicitante reúne os requisitos, autorizarase a entrega mediante resolución da Presidencia, procedéndose á subscrición dun contrato entre a Deputación e a persoa adóptante, no que constará expresamente o compromiso de cumprimento das obrigas propias das persoas propietarias e posuidores de animais de compañía, enumerándose claramente as ditas obrigas. Con fin de axilizar o procedemento, a Presidencia poderá autorizar a subscrición anticipada dos contratos no momento de realizarse a solicitude, condicionada á súa autorización, así como a delegación da sinatura dos contratos nun funcionario adscrito á Rede.

Modificar o parágrafo 7 do artigo 4 para adaptala aos novos requisitos e medidas establecidas no artigo 24.3 da Lei 4/2017 quedando redactado como segue:

7. A cesión terá carácter gratuíto, sen prexuízo da devindicación das taxas correspondentes con cargo ao cedente, que retribuirán os custes derivados dos tratamentos subministrados, identificación e esterilización, e en ningún caso terán carácter de contraprestación patrimonial pola mera entrega do animal.

Modificar os parágrafos 8 e 9 do artigo 4 para adaptala a linguaxe inclusiva quedando redactado como segue:

8. A transmisión da propiedade do animal producirase coa súa entrega á persoa interesada, tras a autorización previa da Presidencia e a subscrición do correspondente contrato.

9. A Deputación Provincial poderá encomendar a xestión material da oferta e entrega de animais en adopción a asociación sen ánimo de lucro de protección e defensa dos animais inscritas no correspondente rexistro da Xunta de Galicia. A encomenda de xestión realizarase mediante convenio de colaboración e terá carácter gratuito, sen prexuízo da posibilidade do recoñecemento á asociación do dereito á percepción dunha subvención que compense os gastos que supoña a súa xestión, nos termos que prevea o correspondente convenio.

En todo caso, o labor das asociacións limitarase á intermediación *coas persoas interesadas* na adopción, que deberá ser obxecto de autorización a través do procedemento previsto neste artigo.

As asociacións actuarán en todo momento por conta da Deputación Provincial.

Modificar artigo 5 para adaptala aos novos requisitos e medidas establecidas no artigo 15.4 da Lei 4/2017 quedando redactado como segue:

1. O servizo de sacrificio dos animais de titularidade da Deputación prestarase exclusivamente nos seguintes supostos *e sempre que exista escrito debidamente motivado dunha ou dun profesional veterinario que acredite a concorrencia de estas circunstancias:*

*a) Evitarlle un sufrimento grave e irremediable ou afección grave.*

*b) Por razóns motivadas de sanidade ou benestar animal, de saúde pública, de seguridade das persoas ou medioambientais.*

2. O servizo prestarase sempre de oficio. En ningún caso se procederá ao sacrificio de animais a instancia de parte.

O sacrificio dos animais será autorizado ~~previamente~~ pola Presidencia, tralo informe previo *e vinculante* do *profesional veterinario* e o director da Rede, no que se deberá acreditar a concorrencia dalgún dos supostos previstos no apartado 1 do presente artigo.

O sacrificio levarase a cabo mediante procedementos autorizados baixo control veterinario, para evitar sufrimentos, de xeito que o método empregado implique a perda inmediata da consciencia e o mínimo sufrimento posible. O método empregado, en todo caso, deberá ser un dos autorizados pola lexislación vixente.

A persoa responsable do sacrificio dos animais deberá asegurarse de que este estea morto antes de retirar o cadáver.

Suprímese o parágrafo 2 do artigo 6 pola imposibilidade de levar a cabo o servizo de cremación de cadáveres de animais domésticos que non estean acollidos a rede de canceiras.

Modificar os parágrafos 1 e 3 do artigo 7 para adaptalos linguaxe inclusiva e eliminar a referencia a eutanasia quedando redactado como segue:

1. Os procedementos de xestión dos animais comprenden o conxunto de trámites que deben realizarse respecto de cada animal que ingrese na Rede, ata a súa adopción ou falecemento.

3. Para os efectos previstos na presente ordenanza, consideraranse persoas propietarias ou posuidoras dos animais domésticos aos que figuren como tales na información que conste no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía segundo o número de serie que obre no microchip, ou na placa ou tatuaxe do animal, ou aquel cuxa titularidade ou posesión do animal lle conste acreditada á Administración provincial mediante calquera outro medio de proba admisible en dereito.

Poderán ter a condición de persoa propietaria ou posuidora do animal tanto as persoas físicas e xurídicas como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria.

Suprimir o artigo 8 por ser o seu contido idéntico ao establecido no artigo 2.6 e 7 da Ordenanza a fin de evitar reiteracións.

Modificar os parágrafos 2 e 3 do artigo 10 para adaptala a linguaxe inclusiva quedando redactado como segue:

2. O procedemento de adopción realizarase a instancia das persoas interesadas, conforme co disposto no artigo 4 da presente ordenanza. Será requisito para a entrega do animal o pagamento previo das taxas correspondentes en período voluntario. O incumprimento deste requisito determinará automaticamente a caducidade da resolución autorizando a adopción.

3. As persoas propietarias ou posuidoras anteriores dos animais integrados no programa de adopcións non terán a consideración de persoas interesadas nos expedientes de adopción, polo que non se lles practicará ningún tipo de notificación no procedemento.

Modificar o artigo 11 para adaptala aos novos requisitos e medidas establecidas no artigo 15 da Lei 4/2017 quedando redactado como segue:

### **Artigo 11. Do procedemento de sacrificio**

O procedemento de sacrificio iniciarase de oficio, mediante informe – proposta de carácter motivado formulado polo director da Rede ante a Presidencia. No expediente constará, obrigatoriamente, o informe do facultativo veterinario que xustifique a adopción desta medida.

Modificar o parágrafo 2 do artigo 12 para adaptala a linguaxe inclusiva e suprimir a referencia a eutanasia quedando redactado como segue:

2. O libro-rexistro conterá unha folla individual para cada animal, na que se inscribirán:

O ingreso do animal na Rede, incluíndo a data, os seus datos de identificación, unha descrición e unha fotografía, e as circunstancias relevantes do seu estado legal e sanitario, incluíndo os datos da *persoa propietaria ou posuidora*, se constasen.

A adquisición da propiedade dos animais abandonados pola Deputación, indicando a data na que se produciu.

A entrega en adopción do animal. Incluirase a identidade da persoa adóptante e a data de autorización e de entrega.

O *falecemento* do animal. Incluirase a data da resolución e a de execución material da orde de sacrificio.

**2º.- Someter o expediente e a ordenanza a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles contados dende a publicación de anuncio no BOP, realizándose tamén a pertinente publicación no Portal de Transparencia da Deputación Provincial de Ourense.**

**Durante o expresado prazo poderanse presentar as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial adoptado sen necesidade de novo acordo plenario.**

#### **4º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE AO PROGRAMA VIOPET, DO MINISTERIO DE DEREITOS SOCIAIS E AXENDA 2030**

A deliberación deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 2º e 3º da orde do día.

Non se producen intervencións someténdose a votación a proposta e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Que a Deputación Provincial de Ourense se adhira ao proxecto VIOPET do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, promova a adhesión entre os concellos da provincia e realice accións para visibilizar á cidadanía a existencia do dito proxecto.

**SEGUNDO.-** Que se reserven prazas na Rede Provincial de centros de acollida de animais abandonados para supostos de urxencia naqueles municipios adheridos ao Convenio Marco da Deputación e adscritos ao proxecto VIOPET, e que, en consecuencia, inclúan nos seus protocolos de actuación das áreas municipais de Benestar Social e Servizos Sociais, a toma en consideración dos casos nos que puideran existir animais a cargo das vítimas así como nos protocolos policiais de intervención en situacións de violencia de xénero.

**TERCEIRO.-** Que a Deputación Provincial de Ourense promova entre as asociacións protectoras de animais que cooperan coa Rede Provincial de centros de acollida de animais abandonados, a busca de casas de acollida temporal para animais a cargo das vítimas de violencia de xénero, e promova entre elas a existencia do proxecto VIOPET do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.

**CUARTO.-** Que a Deputación Provincial de Ourense asuma o custo de estancia e a facturación nos casos de urxencia veterinaria dalgún dos animais acollidos no proxecto VIOPET procedentes do municipio adherido, así como o custo da entrega e/o envío do animal á nova residencia das vítimas de violencia de xénero, incluso no estranxeiro. **QUINTO.-** Que a Deputación Provincial de Ourense propoña a realización de xornadas de concienciación sobre animais de compañía e violencia machista.

**SEXTO.-** Que a Deputación Provincial de Ourense inclúa de xeito coordinado xunto ca Dirección Xeral de Dereitos dos Animais, nos seus programas provinciais de formación continua para empregadas/os públicas/os municipais, actividades formativas para

traballadores e traballadoras públicos nos sectores relacionados coa atención a vítimas de violencia de xénero.

**SÉTIMO.**- Remitirille o acordo plenario de adhesión ao programa VIOPET á Dirección Xeral de Dereitos dos Animais dependente do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.

### **5º.- EXPEDIENTE 2/2022 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2022**

A Sra. interventora expón o contido da proposta.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para sinalar que xa que estamos a falar de deporte, debería levarse a cabo pola Deputación Provincial unha modificación de crédito que sexa ambiciosa e xusta para facerlles fronte sobre todo ás necesidades que teñen as escolas deportivas municipais e moitos clubs deportivos. A continuación sinala que estamos en época preelectoral e que se percibe como proliferan grandes proxectos no rural e pide que se reconduzan esas políticas para poder prestar servizos necesarios tamén para vilas, que se ten que investir no rural, pero que as vilas tamén son merecentes de axudas por parte desta Deputación ao prestar servizos de carácter comarcal, do que son un bo exemplo os conservatorios de música.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar inicialmente o expediente n.º 2/2022 de modificación das bases de execución do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense no que se refire ás seguintes variacións que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2022, co seguinte detalle:  
Na aplicación orzamentaria **341.11/482.08** “Promoción e fomento do deporte. Copas Deputación” dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2022 reflíctese a cantidade de 120.000,00 €. No expediente de modificación de créditos número

1/2022, aprobado na sesión plenaria realizada o 29 de abril de 2022, supleméntase a cantidade de 55.000,00 €.

Neste expediente pasamos a detallar os importes e as finalidades para as que se destinarán estes 175.000,00 €.

### **341.11/482.08 “Promoción e fomento do deporte. Copas Deputación”**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
<b>Federación gallega de Fútbol Sala. Delegación Ourense</b>	<b>Copa Fútbol e fútbol sala</b>	<b>70.000,00 €</b>
<b>Federación gallega Baloncesto. Delegación Ourense</b>	<b>Copa Baloncesto</b>	<b>15.000,00 €</b>
<b>Concurso Copas Deputación</b>		<b>90.000,00 €</b>
<b>TOTAL 341.11/482.08</b>		<b>175.000,00 €</b>

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

### **6º.- OUTORGAMENTO DO TÍTULO HONORÍFICO DE FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE AO COMUNICADOR DON MANUEL VILLANUEVA DE CASTRO.**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao instrutor do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

O instrutor do expediente, César Fernández do grupo do PP, en data 13 de maio de 2022, formulou a seguinte proposta de resolución:

“O que subscribe, nomeado instrutor das dilixencias, segundo sinala o Regulamento de honores e distincións da Deputación Provincial de Ourense, co obxecto de conceder honras a favor do insigne escultor don Manuel Villanueva de Castro, informa o seguinte:

Que, por Providencia do presidente da Deputación, don Manuel Baltar, con data 9 de novembro de 2021, se dispuxo que se levara a trámite o expediente de honra para a concesión do título honorífico de FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE, como homenaxe desta, ao comunicador don Manuel Villanueva de Castro. Conforme co capítulo III do Regulamento de honores e distincións desta Deputación, nomeouse instrutor do expediente ao deputado provincial e vicepresidente primeiro don César Manuel Fernández Gil e, secretario deste, ao asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, para indagar en cantos méritos concorren nesta persoa, tanto nos aspectos vitais, no seu compromiso con Ourense, na súa dimensión cultural e tamén na súa destacada implicación social.

Publicouse o oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no xornal local La Región, así como na páxina web da Deputación Provincial, para recoller testemuño dos veciños, entidades, concellos ou asociacións, coa finalidade de incorporalos ao expediente e así referendar os méritos deste comunicador tan comprometido coa nosa provincia.

Recibidos numerosos escritos de adhesión a tan xusta proposta do presidente da Deputación de Ourense, entre eles o do presidente do Parlamento de Galicia, do director xeral da Corporación Radio Televisión de Galicia ou do presidente do Consello Social da Universidade de Vigo, correspóndelle agora á Corporación Provincial en sesión plenaria honrar a memoria dun home tan querido e admirado, para a imperecedeira constancia e a transmisión ás futuras xeracións.

#### **DECLÁRANSE ASÍ FEITOS PROBADOS:**

Algunhas persoas, non sendo orixinais da nosa provincia, desenvolven a súa carreira estritamente ligados a este territorio, e a súa actividade transcende fondamente aos límites do mesmo e contribúe a fomentar o coñecemento desta provincia a niveis insospeitados. Este é o caso do comunicador Manuel Villanueva.

Manuel, naceu en Marín, provincia de Pontevedra, no ano 1957. A súa vida profesional estivo sempre ligada aos medios de comunicación, empezando de moi mozo en Radio Pontevedra (Cadena Ser), para pasar despois a Radio 80 Pontevedra, e posteriormente a Radio Autónoma Galega. No apartado de televisión, desenvolveu a seu traballo inicialmente na Televisión de Galicia, para pasar posteriormente a Canal Plus, Antena 3 e a Telecinco, sendo na actualidade Director General de Contenidos do grupo Mediaset España. Con respecto á prensa escrita foi director da Revista de Abonados de Canal Plus, ademais de colaborador habitual do Diario de Pontevedra, La Voz de Galicia, La Región de Ourense, Faro de Vigo, a revista Luzes de Galicia, a revista Tapas, ou o diario El Mundo. Na actualidade, ten unha sección semanal no diario dixital Nius, “Palabra de Vino”. Ten impartido seminarios de formación, na Escuela de Cine San Antonio de Baños sobre “Programación cinematografía en TV”; na Universidade Complutense de Madrid, ambos Máster sobre “Producción Audiovisual” e “Producción de Cine”; na Universidade Pontificia de Salamanca, na Cátedra Santillana, o de “Dirección de Empresas de TV”; na Universidade Europea varios Máster sobre “Creación y Gestión de Contenidos Audiovisuales”, en AISGE o curso sobre “El guión en la ficción televisiva”, dirixido por Manuel G. Aragón. Ten participado como xurado dos Premios Valduero de la Facultad de Bellas Artes de la Universidad Complutense de Madrid e tamén formou parte do xurado de avaliación final do Máster de “Gestión y Producción Audiovisual” de La Voz de Galicia. Como escritor é autor de varias publicacións, entre as que destaca *Por el Camino Primitivo*, editado por Galaxia ou a recente *Palabra de Vino*, editado por Muddy Waters.

No que respecta á relación de Manuel Villanueva con esta provincia, que é o obxecto principal deste expediente de honra, cabe destacar que a pesar de non haber nacido en Ourense, a súa presenza nesta provincia foi, ata o de hoxe, case permanente. Mesmo dende a súa infancia e adolescencia, xa acostumaba a pasar, coa súa familia, parte do verán desfrutando das augas mineromedicinais na vila do Carballiño.

Xa como profesional da comunicación, pasa a desenvolver unha intensa actividade nesta provincia, sempre que dende aquí se reclamaba a súa presenza. Fixo varios pregóns en distintas festas populares, como foi o caso da Festa da Saleta no Carballiño no ano 1998, a Festa do Pan de Cea en 2001, a Festa da Androia de Viana do Bolo en 2006 ou a Festa do Viño de Monterrei en Verín no ano 2017.

Co Carballiño sempre mantivo unha especial relación, o que supón que nesta vila teña un amplo grupo de amigos e unha presenza case habitual, motivada principalmente pola súa “cercanía” ás Xornadas de Cine e Video de Galicia (XOCIVIGA), nos primeiros anos cubrindo a información para a Radio Galega e posteriormente asesorando e apoiando os contidos en distintas edicións, ata o punto que no ano 2018 foi homenaxeado pola organización deste certame.

Tamén o Festival de Cine de Ourense, foi outro gran beneficiado do apoio de Villanueva. Cabe mencionar, que na segunda edición deste festival pedíuselle dende o Concello de Ourense que asumira provisionalmente a súa dirección, e xunto cun equipo de bos profesionais do sector, foron capaces de organizar dende Madrid aquela edición en tempo récord. Nas seguintes edicións seguiu colaborando co festival e mesmo foi quen trouxo, na terceira edición, a Jose Luis Cuerda, feito que supuxo o inicio da relación que todos coñecemos de Cuerda con esta provincia, tal como se manifestou no expediente de honores que esta Deputación lle fixo o ano pasado ao director manchego. A vinculación de Manuel co OUFF continúa e actualmente considerámola un dos maiores apoios que ten a organización.

Se o cine é una das súas grandes paixóns, non é menor a da literatura. Iso apreciase en varias publicacións sobre Ourense, nas que ten plasmado a súa colaboración escrita, como sucedeu nos libros *Viaje al fin de los mundos* que rememoraba a viaxe de Risco, Otero Pedrayo e Ben Cho Shey ata Teixido; *Ahora Ourense*, editado polo concello da cidade; *La cara oculta de la luna*, con artigos de Noguerol e ilustracións de Alexandro ou na *Guía de Turismo de Ourense* editada polo INORDE.

Súas son tamén as Laudatio a Imanol Arias no Premio Ourense Mundo Enteiro e a José Luis Cuerda no acto de nomeamento de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense, entregado o pasado ano.

Na edición da ICC WEEK do ano 2021, propuxo realizar, e participou nela, a mesa redonda Literatura e Gastronomía que resultou moi interesante para a realidade ourensá.

Por estas e outras actividades, ten tido varios recoñecementos na nosa provincia, como a Insignia de Prata das Xociviga (2018), o nomeamento de Cofrade da D.O. Monterrei ou o de Persoeiro de Honra do Ribeiro.

Ademais destas breves descrições, Manuel Villanueva, recoñecido actualmente como un dos directivos máis importantes da televisión en España, exerce de ourensán diariamente, propiciando información en diferentes medios de comunicación que “visibilizan” aqueles aspectos positivos da nosa provincia, facendo cantas xestións, no seu ámbito de influencia, que se lle demandan dende Ourense ou mesmo por un recoñecido labor de difusor, entre os seus contactos, das bondades que ten esta provincia co resultado de ilustres visitas que doutra maneira serían difíciles de conseguir.

### **CONSIDERANDO POIS:**

Que, as meritorias circunstancias persoais e profesionais que concorren no comunicador don Manuel Villanueva, recollidas nos informes e manifestacións recibidas nas adhesións achegadas á Deputación de Ourense, e, neste caso, como instrutor deste expediente, considero que son determinantes para avaliar as grandes calidades que honran a este persoeiro, e é de obrigado deber desta Deputación promover a exaltación dos seus fillos ilustres que dedican a súa vida e as súas actividades a prol do noso desenvolvemento, tanto cultural, artístico, musical, social ou económico.

Que, sentado este principio básico, este instrutor ten a obriga de investir de eficacia xurídica o desexo desta institución, fiel representante da nosa provincia, conferíndolle a don MANUEL VILLANUEVA as honras previstas no noso Regulamento.

Polo exposto anteriormente, e vistos os artigos do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, o instrutor ten a honra de formularlle á Corporación Provincial a seguinte,

### **PROPOSTA:**

Como homenaxe da provincia de Ourense ao destacado comunicador don MANUEL VILLANUEVA DE CASTRO, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, outorgarlle o título de FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE, como homenaxe e recoñecemento do pobo de Ourense a unha intensa relación, especialmente afectuosa, que está a supoñer de gran valor para posicionar a Ourense nun nivel de coñecemento, imprescindible para o seu desenvolvemento social e económico desta provincia.

Elevarlle a presente proposta ao Pleno da Excm. Corporación Provincial, para a súa aprobación, se procede”.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Manifesta que non se debe engadir ningunha verba despois do relatorio do instrutor do expediente, onde queda moi ben acreditado o merecemento deste persoeiro para o recoñecemento honorífico proposto.
- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Manifesta igualmente que desde o BNG se vai apoiar este recoñecemento.
- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que estamos ante un recoñecemento xusto e atinado, xa que se trata dun profesional cunha traxectoria brillante e comprometido con Ourense e co concello do Carballiño. Engade que el foi unha parte importante de que se asentara o ilustre José Luis Cuerda na nosa provincia. Remata dando os parabéns ao nomeado, e agarda que siga sendo tan relevante na nosa provincia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Outorgarlle a distinción honorífica de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense ao comunicador don Manuel Villanueva de Castro, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, e consonte coa proposta formulada polo instrutor do expediente.

**7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A LOCALIZACIÓN EN OURENSE DA SEDE DA AXENCIA ESPAÑOLA DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL.-**

O Sr. presidente anuncia que este punto se debaterá conxuntamente co punto 8º, pero a votación será por separado, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza expondo o contido da súa iniciativa política, na que sinala que o Goberno central presidido por Pedro Sánchez está inmerso nunha necesaria e nova estratexia de desconcentración e descentralización de órganos do sector público institucional estatal. Un dos entes a situar fóra da capital do Estado será a Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA), clave para o noso presente e o noso futuro polas súas funcións estratéxicas. De feito, os orzamentos xerais de 2022 xa contemplan a súa creación. Este órgano encargárase de supervisar todos os procesos de intelixencia artificial e os algoritmos que actúan en España e que afectan, especialmente, ao funcionamento dos servizos fundamentais do sector público e tamén á vida diaria de todos os cidadáns e cidadás. Unha vez en funcionamento, a AESIA terá independencia orgánica e funcional, polo que poderá adoptar decisións de forma obxectiva, transparente e imparcial. Ademais, terá personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía integral na súa xestión. Unha das súas misións máis relevantes da AESIA será adoptar medidas dirixidas á minimización de riscos sobre a seguridade e saúde das persoas, así como de protección dos dereitos fundamentais que poidan derivarse do uso irregular de sistemas de intelixencia artificial. Tamén procederá ao desenvolvemento e seguimento de todos os proxectos da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial, en consonancia coas directrices establecidas a nivel europeo para todos os membros da UE. A través dos medios de comunicación, recentemente soubemos que a Xunta decidiu reclamar a localización deste organismo estatal na nosa comunidade, xa que Galicia é unha das poucas administracións autonómicas que desenvolveu unha estratexia propia en materia de intelixencia artificial. A localización destes órganos ao longo de todo o territorio será decidida mediante

procedementos xustos, con base en criterios equitativos e independentes. Estes criterios inclúen, entre outros, a cohesión social e territorial; a mellora no funcionamento dos servizos públicos; os niveis de desemprego ou a loita contra o despoboamento. Así o confirma o Real decreto 209/2022 que establece o procedemento para a determinación das sedes físicas de entidades do sector público estatal, mediante o que tamén se crea a comisión consultiva para determinar estas sedes físicas, unha norma xa en vigor que posibilita a desconcentración inmediata de entes existentes ou de nova creación. A cidade de Ourense cumpre sobradamente os requisitos para acoller esta axencia e outros organismos análogos, tanto do sector público estatal como da comunidade galega. Os e as socialistas consideramos imprescindible que os gobernos galego e estatal aposten de inmediato pola provincia española con maiores problemas demográficos durante o último século. Resulta evidente que a implantación da AESIA –ou doutros órganos administrativos relevantes– en Ourense sería un pulo para a economía e a demografía ourensá. O reto demográfico ao que nos temos que enfrontar é unha cuestión de loita contra a desigualdade e a inxustiza. O proceso de recuperación e reversión da grave situación actual nos territorios afectados polo despoboamento, debe fundamentarse nun compromiso compartido, no que todas as administracións públicas e axentes sociais asuman parte da súa responsabilidade nun proceso que, no fondo, afecta ao conxunto da sociedade. Está comprobado que afondar na descentralización de actividades e infraestruturas nos territorios que non son capital administrativa estatal ou rexional, contribúe a frear esta tendencia poboacional negativa e a xerar innovación e emprego de calidade, así como a impulsar sinerxias transversais na actividade económica. Estamos pois ante un asunto que ten que ver co centralismo económico e co poder, que pode ser fundamental para o futuro destes territorios con problemas. As dinámicas creadas polos empregados e empregadas públicos, as empresas que traballan coas administracións e todos os seus servizos auxiliares e transversais, benefician claramente ás localidades onde están asentadas as institucións. Incluso contribúen a incrementar considerablemente a renda dispoñible da súa veciñanza. Situar organismos que dependen de ministerios ou consellerías en cidades distintas a Madrid e Santiago de Compostela non é un debate novo, pero si está moi vivo ante a novidosa estratexia de descentralización impulsada polo Goberno central e tamén polas decisións de algúns executivos autonómicos. A pesar de que xa hai institucións estatais fóra da capital de España, o Goberno central quere afondar na

descentralización da súa estrutura, a través deste plan específico que permitirá beneficiar ás zonas especialmente afectadas polo despoboamento. E, para iso, o executivo puxo en marcha o plan de medidas do Goberno ante o reto demográfico, que pon o seu foco no “reforzo dos servizos públicos e o impulso da descentralización” con accións concretas nun dos seus eixos. Os e as ourensáns non podemos quedar á marxe deste proceso. Estamos nunha provincia historicamente maltratada, cunha importante carencia de investimentos e cunha ausencia inaudita de órganos, institucións ou industrias froito de descentralización. Só podemos citar unha excepción: a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, creada en 2008 polo executivo de José Luis Rodríguez Zapatero, con competencias intercomunitarias en tres comunidades. Ourense está inmerso nun grave carrusel de regresión demográfica, xa que, nas últimas catro décadas, perdeu 128.000 habitantes. Un proceso destrutivo que se agudizou nos últimos lustros cunha sangría poboacional non vista en ningún outro territorio da UE, sen que ninguén fixera aínda nada efectivo para reverter esta situación. Ante esta situación, desde o PSdeG-PSOE de Ourense consideramos urxente adoptar solucións unánimes. Estamos ante un problema nuclear para a nosa cidade e para a nosa provincia. E por iso, propoñemos demandar á Xunta que sitúe na nosa cidade a sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial, que está a reclamar ao Goberno central. Os problemas demográficos e a inminente implantación no campus universitario das Lagoas do grao e do máster en Intelixencia Artificial, tamén son factores determinantes que deixan claro que somos o lugar máis axeitado. Precisamos accións inmediatas baseadas nunha discriminación positiva real como a descentralización de órganos do sector público institucional estatal, así como doutros entes ou institucións da Xunta de Galicia. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo: 1. Instar ao goberno da Xunta de Galicia a que reclame para Ourense a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial en base ao estipulado no Real Decreto 209/2022, que establece o procedemento para a determinación das sedes físicas de entidades do sector público estatal, así como a posta de marcha de políticas de descentralización de actividades e infraestruturas da administración autonómica, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía. 2. Instar ao Goberno de España a afondar nas políticas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas, instalando en Ourense a sede de organismos da Administración Xeral do Estado ou das súas entidades adscritas ou dependentes, no marco

de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía e, nomeadamente, que unha desas sedes sexa a da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial, en base ao estipulado no Real decreto 209/2022. Engade que a de Ourense non vai ser única candidatura, xa que recentemente o concello de Granada adoptou un acordo en termos similares e que outras cidades galegas como Santiago de Compostela tamén amosaron o seu interese. Manifesta a alegría polo cambio de actitude do PP, xa que cando no anterior mandato trouxo DO unha moción similar, o PP votara en contra dela, sendo o único partido da corporación provincial que non a apoiara.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Procede a dar lectura á súa iniciativa política na que indica que o pasado xoves 24 de marzo o Boletín Oficial do Estado (BOE) publicaba o Real decreto 209/2022, de 22 de marzo, aprobado en Consello de Ministros. Neste Real decreto, establécese o procedemento para a determinación das sedes físicas das entidades pertencentes ao sector público institucional estatal e créase a Comisión consultiva para a determinación das sedes. Esta norma detalla como se determinará o termo municipal no que se localizará a sede física das novas entidades do sector público institucional estatal e os novos departamentos ou subsedes dependentes de entidades xa existentes. Entre as novas entidades, destaca a Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial. Recollida na Lei 2/2021, de 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, este órgano "encargarase do desenvolvemento, supervisión e seguimento dos proxectos enmarcados dentro da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial, así como aqueles impulsados pola Unión Europea, en particular os relativos ao desenvolvemento normativo sobre intelixencia artificial e os seus posibles usos". Tras coñecerse a nova norma, transcendía estes días a intención da Xunta de Galicia de solicitarlle ao goberno central que a comunidade autónoma acolla a sede deste novo organismo. O alcalde de Ourense, D. Gonzalo Pérez Jácome, xa manifestou o seu decidido apoio a esta reclamación e postulou a cidade de Ourense como sede do novo órgano, avanzando a vontade da Alcaldía de pór a disposición desta iniciativa as instalacións do centro municipal de La Molinera, onde desenvolve a súa actividade o centro de intelixencia artificial do Concello de Ourense. Por tanto, avogamos por aproveitar deste xeito a inercia creada por ese centro e a aposta firme do Concello para intelixencia artificial e as súas aplicacións para o futuro da cidade e de Galicia. Establece o Real decreto nas súas disposicións xerais que, entre outros, "atenderanse a criterios de cohesión social e territorial, a mellora no funcionamento dos

servicios públicos, os niveis de desemprego ou a loita contra a despoboación". Nesa liña entendemos que sería unha medida de xustiza, tanto para Galicia coma para a capital da provincia, vendo paliar, que non a corrixir, o grave problema de esquecemento e o conseguinte desequilibrio territorial de Galicia para con España e de Ourense para con Galicia. Temos unha boa oportunidade ante a inmediata creación deste novo organismo que tanto Galicia como Ourense non deberíamos deixar pasar. Por estes motivos, Democracia Ourense presenta ante o Pleno da Deputación Provincial de Ourense a adopción do seguinte acordo: Apoiar a candidatura da cidade de Ourense como sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial. Engade que DO é pioneira neste senso, xa que no anterior mandato xa presentara unha moción nesta liña, que daquela non fora aprobada pola corporación provincial. Manifesta que unha particularidade da súa moción con respecto á do PSOE é que xa se propón como sede a cidade de Ourense e incluso se pon a disposición o inmovible de "La Molinera" para localizar esta.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Procede a dar lectura a unha noticia dun xornal onde se di que os presidentes autonómicos do Partido Socialista reciben con escepticismo a descentralización de institucións proposta por Sánchez. Engade que a súa pregunta é porque entón o voceiro socialista deriva a realidade, xa que soamente apunta a opinión da presidenta da CA de Madrid pero oculta a dos presidentes socialistas de outras CCAA. Remata sinalando que cada vez que o Sr. Villarino intervén queda demostrado que é mal político e mala persoa.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que o BNG vai apoiar ambas propostas, e procede a dar á benvida tanto ao Partido Socialista como ao Partido Popular, á defensa dos intereses de Galicia por enriba dos intereses de Madrid. Non deixa de ser patético que institucións como o Museo Naval estea situado na cidade de Madrid, indicando que semella lóxico que as diferentes instalacións do Estado español se distribúan por todo o Estado e non impulsen unicamente á capital. Sinala que isto é un chanzo, un primeiro paso e que falta moito por avanzar, lembrando que Granada ten un posicionamento lanzado hai tempo para ser sede de organismos estatais, polo que agarda que esta situación sexa reversible e Ourense poida optar a esta sede.

- 1ª intervención Jorge Pumar (grupo do PP): Comeza sinalando que estamos ante un asunto xa tratado no concello de Ourense e indica que o Grupo Popular sempre apoia e apoiará este tipo de proxectos estratéxicos para a cidade e a provincia de Ourense. A continuación lembra

que nesta provincia xa existe un ecosistema innovador para acoller a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial, lembrando proxectos como o de Red.es, o Centro de Investigación da FP que proximamente se vai abrir en Ourense ou as medidas do proxecto “Provincia intelixente”. Seguidamente diríxese ao voceiro socialista para indicarlle que a realidade é outra, xa que cando se tratou no concello de Ourense unha moción para a descentralización en Ourense dos servizos tecnolóxicos de RENFE, estes foron para Mérida, Miranda de Ebro ou Alcázar de San Juan, curiosamente, todas elas cidades gobernadas polo Partido Socialista. Engade que os procedementos de descentralización promovidos polo goberno de Pedro Sánchez son todo menos transparentes e xustos. Outros exemplos son a nova base militar no concello de Toro ou o novo centro nacional de Estudos Penitenciarios na cidade de Cuenca, ou o Centro Nacional de Proceso de Datos da S.S. na cidade de Soria, todos eles sen ningún criterio de selección publicado no BOE. Engade que a política “a dedo” do goberno de Pedro Sánchez está deixando a máis de 4.000 concellos onde non goberna o Partido Socialista totalmente de lado, cunha política totalmente partidista. Por último pídelles ao voceiro socialista que en lugar de traer mocións, traia investimentos a esta provincia.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza dirixíndose ao voceiro popular para indicarlle que el formula, vota e apoia mocións, pero que non decide, e engade que, que se fale desde este goberno provincial de repartimentos obxectivos, xustos ou equitativos, é algo cando menos chistoso, xa que aquí se reparte todo como lles da a gaña a vostedes. A continuación pídelles que teña coidado cando faga afirmacións como a que fixo, de que todo o proceso de descentralización se fai a dedo, xa que de non ser así, vai quedar nun serio apuro. Indica que estamos a falar e debater dúas mocións que van ser aprobadas por unanimidade co apoio de todos, e o PP como sempre dedícase a facer ataques persoais, cando queda claro que os deputados e deputadas do PP non representan a esta cidade, nin a esta provincia e só se representan a si mesmos para seguir parasitando esta institución.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta que DO de momento non ten poder nin na Xunta nin no Estado central, polo que roga aos representantes do PSOE e do PP para que presionen e se consiga que esta infraestrutura e organismo veña para a provincia, preferiblemente para a cidade. Interesa e moito que esta localización veña para nosa provincia polo que pide que se poñan mans á obra.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Diríxese ao voceiro socialista para indicarlle que non é que lle guste que digan o seu nome, como dixo, senón que lle gusta que a

respecten. Indica que é sorprendente que hai dous días o PSOE traía a este pleno unha condena a unha agresión a unha muller e o voceiro socialista estea e menosprezar constantemente a esta deputada. Engade que o Sr. Villarino é un pirómano político xa que o único que lle gusta é provocar incendios.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que o debate se está desviando pero que el vai insistir en solicitar que a Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial teña a súa sede na provincia de Ourense, que boa falta lle fai.

- 2ª intervención Jorge Pumar (grupo do PP): Comeza sinalando que el non ven aquí criticar a ninguén, senón que ven apoiar a Ourense e a procurar que a veciñanza coñeza toda a verdade. Engade que o RD 209/2022 só establece tres criterios para a descentralización de calquera sede ou organismo estatal, e que son moi ambiguos: que se ceda un ben inmovible, que se achegue diñeiro e que apoie ao traslado dos funcionarios, pero non di nada máis. Será un comité de expertos o que decida a localización, e todo isto sen baremos e sen ningunha referencia ao criterio do despoboamento. O PP quere investimentos e proxectos estratéxicos para Ourense, pero o que non quere é enganar á xente que nos escoita.

- quenda de peche Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que resulta curioso que a el lle chame pirómano político unha persoa e unha política que está queimada, unha persoa que o seu único obxectivo é conseguir un titular para ver se alguén a repesca para algunha lista electoral nas vindeiras eleccións. Centrando o debate, pregunta cales son os criterios obxectivos que emprega esta Deputación para repartir os fondos que son de todos e que este presidente, como di o Consello de Contas, dá a dedo. Con respecto aos criterios é certo que non están moi concretados e que son abertos, pero fálase despoboamento e de cohesión territorial. Pide que teñamos esperanza en que funcione mellor que a nosa Deputación, que só xera despoboamento e desigualdade, que non xera crecemento nin igualdade de oportunidades e que o único que lle interesa ao Partido Popular é conservar o poder nesta institución, pero advirte que cada vez queda menos para que governe o Partido Socialista e o faga como é debido.

- quenda de peche Armando Ojea (grupo de DO): Intervén para agradecer o voto favorable de todos os grupos a esta iniciativa política.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a que reclame para Ourense a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial, con base ao estipulado no Real decreto 209/2022, que establece o procedemento para a determinación das sedes físicas de entidades do sector público estatal, así como a posta en marcha de políticas de descentralización de actividades e infraestruturas da administración autonómica, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía.

2º.- Instar ao Goberno de España a afondar nas políticas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas, instalando en Ourense a sede de organismos da Administración Xeral do Estado ou das súas entidades adscritas ou dependentes, no marco do reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía e, nomeadamente, que unha desas sedes sexa a da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial, con base no estipulado no Real decreto 209/2022.

### **8º.-MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á CANDIDATURA DE OURENSE, A CAPITAL DA PROVINCIA, COMO SEDE DA AXENCIA ESPAÑOLA DE SUPERVISIÓN DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL.-**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co punto 7º.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Apoiar a candidatura da cidade de Ourense como sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial.

### **9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE AXUDAS QUE OS TRANSPORTISTAS RECLAMAN Á DEPUTACIÓN DE OURENSE E SOBRE UN PLAN GLOBAL ANTE A SITUACIÓN PROVOCADA POLA INVASIÓN DE UCRAÍNA.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Expón que no pleno ordinario de abril da Deputación de Ourense, o Partido Popular, Democracia Ourensana e a deputada tráfuga rexeitaron debater unha iniciativa impulsada polo PSdeG-PSOE, que recollía un amplo abano de medidas para facerlle fronte á situación de emerxencia social e

económica que a invasión de Ucraína ordenada por Vladimir Putin está a causar en toda Europa. Esta actitude, negando axudas urxentes e necesarias a persoas ou empresas, parécenos irresponsable, sobre todo sabendo que algúns deses colectivos pediron expresa e publicamente a esta institución as medidas. Entre eses colectivos atópanse os e as transportistas de mercadorías. Concretamente, a Asociación Empresarial de Transporte de Mercadorías por Estrada de Galicia reclamou a esta institución provincial axudas como as outorgadas pola Deputación da Coruña. Están a falar dunha extensa liña de subvencións de ata 3.000 euros para os sectores primario e servizos, afectados directamente pola alza nos prezos do combustible, que a deputación coruñesa gobernada polos socialistas xa formalizou. Desde esta asociación afirmaron necesitar “o compromiso das tres deputacións de Lugo, Ourense e Pontevedra para que o sector non se sinta discriminado na súa propia comunidade”, ante unha “iniciativa tomada pola Deputación da Coruña” que debería ser “secundada polo resto” porque, no caso galego, este problema “acentúase” debido á situación xeográfica periférica de Galicia, o que “pasa factura en longos percorridos”. Resulta evidente a necesidade destas axudas para este sector ao consultar os datos da Coruña: o crédito de cinco millóns de euros esgotouse en menos de 24 horas, sendo o sector do transporte de mercadorías o que maior número de solicitudes rexistrou, sumando algo máis do 38 % do total. O que fixo a Deputación da Coruña debería ser replicado de inmediato polas outras tres deputacións galegas e tamén pola administración autonómica. Como xa destacamos anteriormente, tanto a Xunta de Galicia como a Deputación de Ourense contan con fondos e remanentes orzamentarios moi importantes, que deben ser investidos de forma xusta e equitativa, desde o noso punto de vista, sempre a través de plans globais democráticos ou mediante subvencións en procedementos de concorrencia competitiva. Nunca con plans masivos nominativos ou con repartimentos millonarios a dedo, tras pasar por despachos. Igualmente, o Goberno central debe afondar nas medidas que está a adoptar conxuntamente coa Unión Europea No caso concreto desta institución provincial, contamos cun aforro que alcanzou en 2021 os 48 millóns que pode ser empregado para estas necesidades. Así mesmo, mantemos a reclamación ao goberno galego para que, dentro das súas amplas competencias estatutarias e da súa avultada capacidade económica, sexa un axente máis activo ante esta situación. É ben sabido que os e as socialistas defendemos que as institucións públicas non somos bancos onde acumular fondos públicos. E menos en momentos tan complexos. Se hai un mes considerábase sorprendente que, nunha

provincia como Ourense, cun sector agrogandeiro que exerce un papel nuclear na economía, a Deputación non propuxera axudas ou medidas *motu proprio* para este importante sector, agora cremos vital adoptar esta decisión. Por iso insistimos nun fondo dotado con dous millóns de euros, destinado a financiar axudas directas para o sector primario, obrigado a facerlle fronte a un maior gasto económico derivado do abrupto encarecemento da enerxía, dos combustibles e de determinadas materias primas. Tamén reiteramos pór en marcha un sistema de axudas aos concellos da provincia, dotando cun millón de euros, para que poidan compensar os incrementos económicos derivados do encarecemento global de enerxía nos últimos meses. Igualmente mantemos a proposta de que as entidades locais de Ourense poidan habilitar unha partida orzamentaria, co fin de actualizar os prezos das obras en execución ou licitación, compensando así a subida dos prezos, neste contexto de relacións comerciais globais. Como xa fixemos anteriormente, achegamos xunto a estas medidas a meirande parte das propostas que o grupo do Partido Popular trasladou ao pleno provincial, mediante unha emenda á moción orixinal dos e das socialistas, no que se reclaman accións concretas á Xunta de Galicia e ao Goberno central. O pasado mes de abril, os grupos conservadores da Deputación de Ourense optaron por nin querer debater estas e outras medidas de análoga natureza que comparten un fin urxente e primordial: axudar a persoas, colectivos ou empresas con necesidades imperantes impostas por unha situación allea e sobrevinda. As persoas que formamos parte da comunidade política non podemos vivir á marxe das demandas da sociedade e tomar o debate destas medidas, é unha labazada á veciñanza e á democracia ás que nos debemos. Os e as socialistas cremos que esta nova e actualizada iniciativa, pola súa importancia, debe ser aprobada unanimemente por todos os grupos da corporación. Non se entendería un novo non dos grupos conservadores do pleno, cando a cidadanía reclama a berros a nosa atención. Desde o PSdeG-PSOE cremos imprescindible reclamar a este pleno, máximo órgano colexiado da institución, axudas para o sector do transporte e para outros colectivos e persoas. Cómpre actuar a todos os niveis. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo:

1. Instar á Deputación de Ourense a poñer en marcha as seguintes medidas, para facer fronte á situación económica e social derivada da invasión de Ucraína:

- 1.1 Aprobación dun plan enerxético dotado cun 1 millón de euros, para crear un sistema de axudas equitativas a concellos ourensáns co fin de afrontar os

desaxustes económicos que sofren ou sufrirán polo encarecemento de enerxía.

- 1.2 Creación dunha liña de axudas directas para o sector do transporte e o sector dos servizos, co fin de que poida facer fronte ao maior gasto causado polo abrupto encarecemento da enerxía, os combustibles e algunhas materias primas, dotado inicialmente con 2 millóns de euros.
  - 1.3 Creación dunha liña de axudas directas para o sector primario, que xoga un papel nuclear na economía de Ourense, co fin de que poida facer fronte ao maior gasto causado polo abrupto encarecemento da enerxía, os combustibles e algunhas materias primas, dotado inicialmente cun 1 millón de euros.
  - 1.4 Habilitar unha partida económica que permita actualizar os prezos das obras en execución ou licitación da propia deputación ou dos concellos de Ourense, para compensar así a subida global de prezos.
2. Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha as seguintes medidas, para facer fronte á situación económica e social derivada da invasión de Ucraína:
- 2.1 Aprobar un plan social de axudas ás familias máis vulnerables, que permita triplicar o financiamento do bono social eléctrico.
  - 2.2 Reformulación da Tarxeta Básica para incorporar a persoas refuxiadas.
  - 2.3 Plan autonómico de axudas directas aos autónomos e profesionais, co fin de compensar o aumento de custes do transporte.
  - 2.4 Habilitar un fondo de avais que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína. Rebaixa real nas taxas da ITV.
  - 2.5 Impulso legislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os proxectos estratéxicos dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética.
  - 2.6 Aprobar a habilitación legal para que as entidades locais poidan aprobar unha partida co fin de actualizar os prezos das obras en execución ou licitación, compensando así a subida de prezos.
  - 2.7 Analizar, xunto cos sectores máis afectados palas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandeiría, turismo...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a poñer en marcha aquelas medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores. En particular, impulsar e executar as medidas

incluídas no plan de choque elaborado pola Xunta de Galicia, en concreto:

- A. Activar o Bono Social Térmico para axudar aos fogares en situación de vulnerabilidade a afrontar os gastos de calefacción, auga quente e cociña, o do complemento autonómico de 100 euros aprobado no Consello da Xunta.
  - B. Reforzar as medidas activas no plan de aforro enerxético para as familias, solicitando ao goberno fondos para duplicar o impulso do autoconsumo eléctrico e as renovables térmicas nos fogares galegas.
  - C. Ampliar o programa Renove Automoción para seguir fomentando a compra de vehículos eficientes.
  - D. Axudar a pequenas e medianas empresas, cunha nova liña de avais de IGAPE-SGR destinada a cubrir as necesidades de liquidez, e a realizar investimentos en elementos produtivos que axuden a facer fronte á actual situación.
  - E. Desenvolver un programa de préstamos directos do IGAPE para a industria manufactureira, así como habilitar os mecanismos necesarios para flexibilizar a devolución dos préstamos e avais directos da Xunta.
  - F. Activar o Bono Enerxía PEME, dirixido a comercios, hostalería e pequenas e medianas empresas para equipos que reduzan o consumo enerxético.
  - G. Activar o Bono Turístico como efecto dinamizador do consumo interno e axilizar as axudas para a dixitalización e eficiencia enerxética neste ámbito.
  - H. Inxección extraordinaria para blindar o transporte público por estrada fronte á subida dos carburantes.
  - I. Inxectar liquidez ao sector gandeiro pola vía do financiamento de circulante (avais, subsidios de tipo de xuro...) e do anticipo de axudas da PAC.
  - J. Crear o Observatorio da Cadea Alimentaria Galega como organismo emisor de informes sobre a situación económica dos diferentes ámbitos do sector primario galega.
  - K. Crear a Axencia de Información e Control Alimentario de Galicia para dar cumprimento ás abrigas da Lei da cadea alimentaria.
3. Instar ao Goberno de España a adoptar as seguintes medidas, para facer fronte á situación económica e social derivada da invasión de Ucraína:
- 3.1 Aprobar, da man da UE, un cambio na regulación do mercado eléctrico para toda a península ibérica, que faga posible desvincular o prezo da enerxía eléctrica

dos prezos do gas.

3.2 Que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada o domingo 13 de marzo de 2022 e poña en marcha as medidas para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas, as seguintes:

3.2.1 Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e gasóleo. En particular:

- A. Reducir o Imposto Especial aos Hidrocarburos contemplado no artigo 50 da Lei 38/1992 de Impostos Especiais, aos niveis mínimos de imposición aplicables aos carburantes, apuntados no Anexo 1 da Directiva 2003/96/CE do Consello de 2003, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.
- B. Tipo impositivo súper reducido do 4 % do IVE ao gas natural.  
Instar á Comisión Europea á modificación da Directiva 2006/112/CE do Consello, relativa ao sistema común do Imposto sobre o Valor Engadido, para que contemple a aplicación dun tipo impositivo reducido aos carburantes de automoción, así como a suspensión dos tipos mínimos do Imposto Especial de Hidrocarburos establecidos na 2003/96/CE do Consello, de maneira provisional e en tanto persista a excepcional situación de prezos.
- C. Estender as medidas fiscais adoptadas polo Goberno para mitigar a escalada da factura eléctrica ata o 31 de decembro de 2022 e incrementar a redución temporal do IVE para que pase do 10 % ao 4 %.

3.2.2 Medidas específicas para os sectores máis afectados pola situación actual: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandeiría e turismo.

3.2.3 Transición enerxética planificada, proporcional e xusta.

3.2.4 Reverter o incremento xeneralizado de impostos, especialmente das decenas de impostos que o Goberno central incrementou durante o período 2011-2018 segundo recollen as memorias anuais da Axencia Tributaria, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e sectores produtivos esenciais.

3.2.5 Impulsar un plan nacional de produtos estratéxicos para garantir a subministración de produtos básicos á poboación e no que se priorice a produción no mercado interior.

3.2.6 Intensificar a flexibilización da normativa de contratación pública vixente, axilizando os procesos.

3.2.7 Aplicar unha cogobernanza real dos fondos de recuperación Next Generation coas Comunidades Autónomas e axilizar a súa execución mediante criterios de selección xustos e transparentes, dando prioridade ao impulso de PERTEs.

3.2.8 Aplicar as modificacións dos créditos orzamentarios para 2022 que resulten necesarias para reducir gasto improductivo.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Fai uso da palabra para sinalar que estamos ante unha moción – trampa do Grupo Socialista. Ten tela que este grupo traia esta medida ao pleno, cando aínda ten denunciadas as axudas desta deputación a Pemes e autónomos. Por último pregúntalles aos deputados e ás deputadas socialistas que criterios obxectivos empregan os concellos gobernados por eles para contratar todos á mesma empresa, vinculada a unha persoa ex alto cargo do PSOE, para facer cuestións relacionadas coa igualdade e por que se contrata tamén ao marido desta persoa para outros labores.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza reflexionando sobre a actual suba de prezos en produtos e materias primas como o xirasol, a enerxía, o gasóleo ou o bitumoso, preguntando cal é a trampa, xa que hai cousas inexplicables. Así, o prezo gas licuado incrementouse, pero só afecta ao 20 % da produción eléctrica do Estado Español, polo tanto o seu impacto na suba do prezo debería como moito ser do 30 %, e isto daríanos un prezo de 90 € o megavatio, polo que pregunta como chegamos ao prezo dos 143 € o megavatio do mes de marzo, xa que a auga, o vento ou a enerxía solar ou nuclear non variaron de prezo. As AAPP, empezando polo Estado e pola UE, permiten estas situacións e empresas como IBERDROLA obteñen beneficios de máis de 3.000 millóns de euros en 2021 e prevé superar os 4.000 millóns en 2022. E como esta empresa, outras cantas máis da oligarquía enerxética. Hoxe vimos aquí cunha proposta ben intencionada para darlle axudas á xente que realmente si os necesita, pero sinceramente, aínda que este non sexa o foro, todos e todas debemos estar fartos e reclamemos a quen ten a obriga legal de regular os mercados e acaben con esta especulación salvaxe coa que uns poucos se enriquecen a costa da maioría, ou é que

o Estado soamente está para socializar as perdas dos bancos e das grandes compañías?. Todo isto pode resumirse en dúas necesidades claras: controlar a especulación á que nos someten as grandes compañías eléctricas e o resto das enerxéticas e establecer controis sobre os mercados das materias primas evitando a especulación sobre estas. Mentres isto non se faga, todo o que se faga van ser parches.

- 1ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Comeza sinalando que o primeiro que chama a atención da moción é o seu título, onde se xustifica toda a suba de prezos pola invasión de Ucraína, pero se vemos os datos do mes de marzo a situación económica do noso Estado xa era de todo, menos boa, en canto a débeda, inflación ou outras ratios. Lembra que no mes de abril o PSOE xa retirou unha moción sobre o plan de medidas para facerlle fronte á crise derivada da invasión de Ucraína, e simplemente a retiraron porque o Grupo Popular presentara unha emenda á dita moción, deixando claro que non lles interesaba sumar nin apoiar ás empresas nin aos transportistas, lembrado que o Partido Socialista non apoiou unha proposición non de lei no Parlamento de Galicia nesta liña. Outra mostra é o procedemento contencioso-administrativo que mantén o Partido Socialista contra as axudas a máis de 4.000 autónomos e 600 Pemes que outorgou esta Deputación, polo que pide que si realmente queren axudar ás Pemes e autónomos desta provincia comecen por retirar esta demanda. Remata indicando que o importante é controlar os prezos e a inflación, que é o que ten que facer o goberno do Estado, e deixarse deste tipo de iniciativas que só pretenden lavar a cara do Partido Socialista.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que a deputada Montserrat Lama fala de moitas cousas pero nunca da moción obxecto de debate. Respecto ao tema dos autónomos sinala que o que realmente están facendo é un favor ao Grupo Popular, porque está chegando un momento en que se creen con tal impunidade que imos darlle un toque de atención, para que polo menos agarden a que se publiquen as axudas no BOP para informar aos seus amigos. Continúa dicindo que o que realmente sucede é que o PP e a deputada Montserrat Lama votou en contra de duplicar o importe do plan de empregabilidade en plena pandemia. Respecto ás axudas da moción critica que as cualifiquen de cativas, pero pregunta se están a favor ou non destas axudas, tanto da propia Deputación como da Xunta e do Estado, porque parece que non. Os puntos de acordo, que o PP nin entrou a debater, son claros, e pídelle que teñan valentía e voten a favor desta moción.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Indica que ela non é partidaria de facerlle perder o tempo aos cidadáns desta provincia, e que este tema xa está falado e debatido, e que o Partido Socialista o único que pretende é facer o seu show e o seu circo. Remata indicando que o Partido Socialista erra constantemente na súa política e na súa estratexia para esta provincia, e acusa á CH do Miño-Sil de apoiar soamente aos concellos gobernados polo Partido Socialista e que ela non vai calar con este tema.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que o problema de fondo con esta moción é que falamos do aire pero non miramos para a terra que temos debaixo dos pés. Poderíamos aprobar todo este paquete de medidas, pero o problema de fondo é a especulación e este é o que temos que resolver, que uns poucos detraen a maior parte dos recursos de todos, coa aquiescencia da UE, do Estado español e da Xunta de Galicia. Engade que non sabe como os concellos este ano van poder pagar as facturas das eléctricas e do gasóleo, o que tamén é trasladable ás familias. Pregunta como é posible que o Estado fixe e publique no BOE o prezo do tabaco, pero non se faga o mesmo con produtos tan básicos como a enerxía. Cada vez uns poucos teñen máis, e o resto da sociedade temos que arranxarnos con menos, polo que temos un problema de fondo que hai que tratar de atallar.

- 2ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Pídelle ao Goberno Central que se deixe de xogar aos espías e pídelle ao Grupo Socialista que ei quere facer algo pola provincia e polas empresas, retiren o contencioso-administrativo que teñen contra as axudas concedidas por esta Deputación.

- quenda de peche Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que o grupo do PP non se atreveu a debater nin unha soa das medidas que figuran na moción, para seguidamente pasar a detallar moitas das medidas aprobadas polo Goberno Central para tentar paliar as consecuencias da crise derivada da invasión de Ucraína, e ás que o PP votou en contra no Congreso. Seguidamente lembra que a Deputación de Zamora acaba de sacar unha liña de axudas especial para o custo enerxético dos concellos, e outras para os custos das obras, e o que se pide é que esta Deputación tamén axude aos seus concellos. Sinala que é lamentable que o PP non debata ningunha das medidas da moción e se limite a criticar ao Goberno Central.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), o voto en contra do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita e a abstención do BNG (1).

**10º.- MOCIÓN DO BNG PARA REACTIVACIÓN URXENTE DA CONSTRUCCIÓN DO CAPD DE OURENSE BAIXO OS TERMOS ACORDADOS POLA PLATAFORMA PROCAPD.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Na primeira quenda de intervención do BNG, fai uso da palabra a voceira da plataforma PROCAPD María Eva Gutiérrez Fernández, que pasa a dar lectura ao seguinte texto:

Ola, bo día. O meu nome é Eva e son nai dun neno cunha grave discapacidade. Estou aquí para dar voz a país a nais, a familias que se atopan co mesmo problema que o meu, ese problema é coñecer cal vai ser o futuro dos nosos fillos e fillas. Queremos darlle grazas ao Bloque Nacionalista Galego por permitirmos intervir neste auditorio e a todos os partidos políticos por escoitarnos por apoiarnos sempre de xeito incondicional, aprobando outras mocións debatidas aquí, neste mesmo foro, ao longo de 6 anos. Pois si, 6 anos, 6 anos que levamos loitando polo mesmo e aquí estamos de novo e vostedes, vostede señor presidente que sempre estivo aí, ¿sabe o triste que é para nos isto? ¿porqué?, preguntaranse vostedes, pois porque significa que as cousas con respecto a o CAPD non se están facendo ben. Case nin lembramos cantas veces intervimos para dar visibilidade á situación de desigualdade que viven os nosos fillos e as súas familias e mesmo a provincia de Ourense con respecto das demais provincias e todos sabemos cal é esta desigualdade, pero por se alguén non está ao tanto vouno aclarar cunha soa frase: *"en Ourense, no ano 2022, non existe un CAPD"*. Ollando cara atrás... En febreiro de 2016 un grupo de nais e país do CEE-Miño tomamos conciencia de que os nosos fillos non teñen lugar nesta provincia ao finalizar a escolarización, e isto é literal porque non hai centros residenciais, non hai instalacións axeitadas para que continúen coa súa formación, co seu traballo diario para que continúen tendo algunha actividade nas súas vidas e o futuro que lles agarda e quedar na casa ou separarse da súa familia. Contactamos con familias de fora do CEE e o drama e xeneralizado para os rapaces e rapazas ourensáns que aínda que non sexamos visibles, ..... eles non sexan visibles, existimos, .....existen ..... e non somos poucos precisamente.

Pasamos meses en reunións, buscando apoios de partidos políticos, sindicatos, asociacións, medios de comunicación e mesmo da cidadanía ourensá saíndo á rúa na maior manifestación que se lembra nesta cidade. Atopámonos no ano 2017, 18 días despois da manifestación, á Consellería de Política Social insta ao Concello de Ourense a que ceda uns terreos para localizar o CAPD. En 2018 cédese unha parcela de 4.000 metros cadrados en Barrocás. Por fin o noso tesón tiña a súa recompensa, comezábamos a ver luz no final do túnel. Incautos de nós! En maio a Xunta infórmanos, e esta vez si que nos informa, cos seguintes datos: en 2018 redactarase o proxecto, en 2019 aprobarase un orzamento de 3.000.000 de euros e a adxudicación da obra, en 2020 aprobaríase un orzamento de 2.500.000 de euros e remataríase a obra .....e corno non, ningún destes prazos foi cumprido. Pero lonxe de rendernos, seguirmos pelexando .... e non pararemos nunca .... porque a realidade que nos toca vivir é tan dura que, esa mesma realidade, danos máis forza. ¿que pedimos no ano 2016? Un CAPD público e de xestión publica atendido por traballadores públicos igual que os das outras provincias galegas ¿que temos 6 anos despois, no ano 2022? Unha estrutura, una carcasa un esqueleto ... que corno di o director de execución material e coordinador de seguridade e saúde da obra, coa súa suspensión, se se dilata no tempo, dará lugar a un deterioro da edificación, unha grúa, un guindastre instalado, .....ata o momento, un valado que o director da obra antes mencionado recomenda volver pechar, un niño de cegoña, que é máis que probable que ela si fixera ben o seu traballo, ... e a bo seguro, trouxo nenos á nosa provincia. Esperamos, iso si, que non padezan ningunha discapacidade dado o abandono ao que os somete a Xunta de Galicia e a Consellería de Política Social, con respecto das outras provincias. Temos obra parada desde agosto de 2021, obra que desde que se inicia, o 17 de agosto de 2020 (para rematala o 18 de febreiro de 2022), sofre continuos retrasos na súa execución, tanto en 2020, corno en 2021. Retrasos dos que non se nos informa en ningún momento. A Consellería e a UTE reúnen en febreiro, xullo e agosto de 2021 comunicando a empresa a imposibilidade de continuar a obra, e tampouco se nos informa ...a obra parada, que saibamos nós, desde agosto de 2021 e non se nos informa. E por riba de todo a Xunta ten a desvergonza de dicirnos que nós non solicitamos información. O compromiso da Xunta, da Consellería era manernos informados sobre os imprevistos, e ¿isto non era un imprevisto? ¿e que deberíamos ter feito, por un vixiante da obra nós? non nos insulten, por favor. O CAPD tería que estar rematado e só está feito un 30% da obra.

despois de 6 anos xa non nos valen as escusas, cando xurde algún problema é responsabilidade da Xunta de Galicia e da Consellería de Política Social arranxalo con celeridade dado o asunto tan sensible e dramático que estamos a tratar, para iso votamos a os nosos representantes, para resolver e defender os dereitos dun grupo de poboación tan vulnerable. Temos o discurso da Xunta de que a paralización se debe á actual situación económica, subas de prezos, falta de subministración de materiais, conflitos bélicos ....., se todo isto é verdade, pero non é menos verdade que o retraso que levaba a obra era anterior a todo isto que argumentan, non fixo nada, escurantismo sempre escurantismo. Ademais ¿como é posible que a obra privada siga traballando e non paren as obras, alguén pode explicar isto? Temos incumprimento de acordos e compromisos, si, como o problema era tan grave e segue a ser hoxe igual de grave ou máis, a Xunta de Galicia comprometeuse a que mentres o CAPD non estivese finalizado os nenos da provincia poderían continuar no CEE-Miño. Isto non ocorreu nunca nestes 6 anos. Como xa dixen incumpren tamén o compromiso de manter a plataforma informada. incumpren prazos. Incumpren acordos, admiten dilacións en todo o proceso da obra ..... estamos enfadados, moi enfadados. Temos un pronunciamento pouco claro -ambiguo- sobre a xestión, evitan pronunciarse dunha forma clara, ¿a quen culpabilizamos? Por suposto á Xunta de Galicia e á Consellería de Política Social, e á señora Conselleira de política social dona Fabiola García que xa no ano 2016 traballaba ao carón do titular anterior desta consellería, o señor Rey Varela, que era coñecedora de primeira man da urxente necesidade do CAPD en Ourense, e nin tan sequera acepta reunirse connosco para explicarnos o que ocorre hoxe, a pesar de ter solicitado unha cita hai 2 meses, nin responde. Pensará que Ourense non merece ter un CAPD como os das outras provincias galegas que hai máis de 20 anos que poden contar con eles. ¿que queremos? Queremos saber. Hai 7 días recibimos unha chamada telefónica do delegado da Xunta en Ourense, xa nos xuntáramos con el hai unhas semanas porque solicitamos una reunión , e nesta chamada infórmanos que a Xunta vai "resolver o contrato coa UTE" e que en breve iniciará a licitación do contrato coa actualización de prezos. pero esta información non nos chega, non abonda. Queremos saber datas concretas porque os nosos fillos que levan 6 anos, ben, en realidade isto é una falacia, porque levan moitos máis sen futuro nesta provincia, e cando fan 21 anos ou quedan na casa ou rompen o vínculo familiar cando a Xunta lles dá unha praza noutra provincia. Tristemente esta é a realidade desde 2016, este ano rematan 5 nenos máis e berramos moi

alto Señora Fabiola García que vai pasar con eles, so temos un esqueleto! ¿que lles parece? ¿como creen que nos sentimos? ¿entenden porque ás veces non é difícil perder o xeito, as formas? Queremos que cumpran os seus compromisos. Cando comezamos esta andadura solicitamos un CAPD público e de xestión directa como os das outras provincias. Isto non é un capricho, é un dereito, e o solicitábamos así porque así son xestionados os tres CAPDS que hai en Galicia. Non dubidamos da atención dispensada nos centros privados ou concertados, pero eses centros xa os temos na provincia de Ourense, pero non temos o CAPD como na provincia de Lugo, A Coruña e Pontevedra e temos dereito a poder elixir, e temos dereito a ter o mesmo que as outras 3 provincias galegas. Todos os partidos políticos asinaron un documento comprometéndose cos nosos fillos, coa plataforma, coas familias que así sería, agora non se pronuncian sobre isto ¿porqué? ¿a que ten medo señora Fabiola? ¿a Xunta non vai cumprir as promesas que adquiriu con Ourense, cun colectivo tan vulnerable e sensible como é o colectivo da discapacidade? ... e se non cumpre o que promete e asina, como irnos confiar nas súas palabras, como confiar en que o CAPD este terminado en breve, se xa tiña que estar hoxe rematado! Meu fillo non ten voz, pero eu si, e non teño medo a nada. ningún de nos ten medo, e ningún de nos permitirá que con cartos públicos se lle dea a xestión a unha empresa privada. que elas constrúan os seus propios centros, mesmo que os financien outras fundacións e así teremos moita máis oferta en Ourense ¿porqué estamos hoxe aquí? para que vostedes insten a Xunta a concretar: prazo de adjudicación do contrato, data de remate da obra, data de apertura e entrada en funcionamento do CAPD, garantir que o CAPD sexa público e de xestión directa pola Xunta de Galicia con traballadores e traballadoras públicas, que manteña as familias informadas de todo o que aconteza referente ao centro. Vostedes, vostede señor presidente sempre nos comprenderon, nos apoiaron e aprobaron as mocións tal e como se presentaron ao longo destes 6 anos porque eran conscientes de que o que pedíamos era xusto e de sentido común. Agora seguimos pedindo o mesmo, 6 anos despois, e como máximo representante da nosa provincia pedímoslle axuda, .... axúdenos, ... axude aos nosos fillos, ... vele polos seus dereitos, ... polo dereito do meu fillo para que se quede preto da súa nai, polo fillo de M.<sup>a</sup> Carmen, pola filla de Pura que está na casa, polo fillo de Isabel que está lonxe da súa nai, polo irmán de David que tamén está lonxe e bota de menos á súa familia, precisa do seu cariño, do contacto familiar, do fillo de Gloria que pola idade da súa nai xa non pode visitalo estando tan lonxe, polos

fillos de tantos pais e nais que agora están aquí e dos que non poden vir precisamente porque teñen que encargarse dos nenos ... vele por eles, porque son cidadáns de pleno dereito da cidade que vostede representa e sítanse orgullosos desta plataforma con familias que o único que piden é un CAPD igual que os das outras provincias galegas.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza a súa intervención indicando que o que sofren as nais polos seus fillos é indescritible, indicando que teñen todo o seu apoio, e que a Consellería de Política Social neste caso non o fixo nada ben, e ten que solucionar esta problemática de inmediato.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que no concello de Ourense tratouse recentemente esta moción, e entende que é prioritario que a Xunta remate esta obra canto antes, que parece ser que a empresa abandonou polo incremento dos prezos. A Xunta debe poñer sobre a mesa os medios necesarios para retomar a execución da obra de inmediato, e que xa hai que darlle unha prioridade absoluta para que se remate o antes posible.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que se trata dun asunto que ven de lonxe e no que neste pleno sempre houbo acordo no substancial. Este problema o que si pon de manifesto é unha incapacidade absoluta da conselleira de Política Social para solucionar este problema, e que todos como administracións debemos reflexionar, xa que non é normal que unha UTE abandone unha obra tan importante coa escusa da suba dos prezos, polo que se terá que mudar a lexislación para que esta empresa non poida contratar máis coas AAPP. Hai necesidades que son moi importantes, como esta, e non é de recibo a actuación da Xunta de Galicia e que estas familias teñan o trato que acaban de relatar por parte da conselleira de Política Social.

- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Sinala que este grupo de goberno continua apoiando e velando polos intereses desta plataforma e van votar afirmativamente a esta moción. É evidente que houbo problemas na execución da obra, e que houbo unha pandemia e un estado de alarma, pero debe quedar claro que a Xunta de Galicia nos consta que é unha prioridade rematar esta obra pública, e que ademais está orzado. Por isto se pide que o máis pronto posible se remate esta obra, se continúe coa execución unha vez resolto o contrato coa UTE e tras unha nova adxudicación, que leve á súa tramitación. Remata solicitando que se finalice, o máis axiña posible, esta obra.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que pouco máis se pode dicir que o relatado polas familias. Seguidamente di que moi urxente ten que ser o que ten que tratar o

alcalde desta cidade no concello para ter que abandonar este pleno e ausentarse deste debate e votación. Por último dá lectura ás propostas de acordo da moción: O Pleno provincial insta á Xunta de Galiza á tramitación por vía de urxencia da resolución do actual contrato e da nova adxudicación do CAPD de Ourense, así como concretar o prazo para a apertura. O Pleno provincial insta á Xunta de Galiza a concretar os prazos de nova adxudicación da construción do CAPD de Ourense, así como o prazo de finalización, apertura e entrada en funcionamento do centro que deba estar rematado xa en marzo de 2022. O Pleno provincial insta á Xunta de Galiza a garantir a participación efectiva da plataforma social no proceso de construción do CAPD de Ourense co fin de que o proxecto se execute consonte coas demandas acordadas. O Pleno provincial insta á Xunta de Galiza a explicar de forma transparente as razóns nas demoras na realización das obras de construción e garantir a participación efectiva da plataforma social no proceso de reprogramación da construción do novo CAPD de Ourense.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para reiterar o seu apoio e agarimo á plataforma ProCAPD.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Pide desculpas por ter que ausentarse el mesmo e o deputado Gonzalo Pérez Jácome por ter sido convocados a unha xunta de goberno extraordinaria e urxente no concello para ás 12.30 horas. Reitera a súa petición de que a obra do CAPD de Ourense se remate canto antes.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Reitera que non debe haber debate neste asunto e que as explicacións da voceira da plataforma foron moi claras polo que non hai nada que engadir.

- 2ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Igualmente reitera o apoio á plataforma e pide que se resolva o máis axiña posible esta obra.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Remata indicando que estamos diante dunha moción que non é do BNG senón das familias afectadas, e que agarda que isto sexa escoitado onde ten que ser escoitado, que xa ven do ano 2016 e que as outras tres provincias galegas xa teñen este centro, polo que esta reclamación é de xustiza, e que o será cando este centro estea materializado e funcionando na nosa provincia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade dos/das presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- O Pleno provincial insta á Xunta de Galiza á tramitación por vía de urxencia da resolución do actual contrato e da nova adxudicación do CAPD de Ourense, así como concretar o prazo para a apertura.

2º.- O Pleno provincial insta á Xunta de Galiza a concretar os prazos de nova adxudicación da construción do CAPD de Ourense, así como o prazo de finalización, apertura e entrada en funcionamento do centro que deba estar rematado xa en marzo de 2022.

3º.- O Pleno provincial insta á Xunta de Galiza a garantir a participación efectiva da plataforma social no proceso de construción do CAPD de Ourense co fin de que o proxecto se execute consonte coas demandas acordadas.

4º.- O Pleno provincial insta á Xunta de Galiza a explicar de forma transparente as razóns nas demoras na realización das obras de construción e garantir a participación efectiva da plataforma social no proceso de reprogramación da construción do novo CAPD de Ourense.

**11º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**12º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-**

- Dáse conta do Plan anual de control financeiro correspondente ao exercicio 2022.
- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos do mes de abril de 2022.

Os membros da Corporación quedan informados.

**13º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Realiza o rogo dirixido á deputada Montserrat Lama de que facilite o nome da empresa á que acusa de contratar con concellos gobernados polo PSOE, que afirme se comete algún delito e pregúntalle se as persoas que se dedican á política, non poden ter empresas ou actividade privada unha vez que a abandonan.

- Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta. O Concello de Xinzo de Limia ten asinado un convenio coa Deputación Provincial de Ourense sobre o Museo Galego do

Entroido en réxime de servizo supramunicipal de competencia provincial. O motivo deste convenio foi no seu día a imposibilidade do concello de Xinzo de ter a persoal propio asignado á devandita instalación, e a posibilidade de que fora a Deputación quen se fixera cargo para mantelo aberto ao público. Dende o ano 2019 en que se asinou ese convenio, fixéronse dous contratos de servizos para ter a unha persoa que fai todo tipo de tarefas, limpeza, portería, guía, etcétera. Como pode e sen a formación axeitada. Nese mesmo ano, me consta que a Secretaría desta Deputación elaborou os pregos administrativos para poder adxudicar a xestión cultural deste museo a empresa externa, para que xunto coa xestión tamén se ocupara do proxecto Museográfico e Museístico do MUGAE, só desta forma poderá entrar a formar parte da REDE de MUSEOS da XUNTA DE GALICIA. Dende o ano 2019, e como alcaldesa de Xinzo e deputada vexo que nos orzamentos dos tres anos sucesivos non consta partida destinada a poñer remedio á situación que vive o MUGAE, e os veciños e veciñas preguntanse para que se fixo tal delegación na Deputación, se neste ano o MUGAE leva pechado dende o mes de decembro do 2021, pendente dos 20.000 € da última modificación orzamentaria. ¿Ten vontade o presidente de sacar a concurso a licitación para a xestión real e verdadeira que lle corresponde ao UNICO MUSEO GALEGO DO ENTROIDO DE GALICIA? ¿En que prazo concreto, e se vai destinar orzamento para tal fin nos orzamentos do 2023?

- A Presidencia contesta que si. Na modificación de crédito 1/2022, e rematado o prazo de exposición pública, contemplase un suplemento de crédito orzamentario para o Museo Galego do Entroido de Galicia, de 20.000 €. No vindeiro mes procederase á licitación do servizo de vixilancia, mantemento e limpeza do MUGAE, unha vez aprobada definitivamente a modificación 1/2022. O prazo concreto é o mes de setembro de 2022 onde se aprobarán os orzamentos desta Deputación para 2023 e onde se preverá o importe para as referidas actuacións.

- Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta. Recentemente o deputado de cultura D. César Fernández, reuníase en Terras do Bouro con representantes das cámaras de Montalegre, Ponte da Barca, Arcos de Valdevez, Melgaco, e Terras do Bouro e cun representante da Agrupación Europea de Cooperación Territorial da Eurorexión Galicia-Note de Portugal. A noticia di que a Deputación liderará a representación dos concellos da Reserva da Biosfera Geres-Xurés unha entidade de nova creación, e que

ademais dos concellos da Reserva, incluíranse outros concellos próximos. Todo isto para captar fondos europeos para a dinamización deste espazo transfronteirizo... ¿Cal vai ser a selección deses concellos ou xa están seleccionados? ¿Cales van a ser os criterios para a selección destes? ¿Cando se formalizaran as reunións cos concellos e cales son as premisas que hai que cumprir para formar parte dese espazo?

- A Presidencia contesta que a Deputación de Ourense liderará a representación dos concellos ourensáns que participarán na Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza dos territorios da Reserva da Biosfera Gêres-Xurés que contribuirá ao desenvolvemento do territorio a través do coidado do medio ambiente, da conservación e promoción do patrimonio arquitectónico e material, "ademais de medidas de carácter social e de reto demográfico". Os concellos xa levan realizado reunións dende hai mais dun mes. Por parte ourensá forman parte Bande, Lobeira, Entrimo, Lobios, Muíños, Calvos de Randín, Quintela de Leirado, Padrenda, Cualedro, Baltar e Oímbra. De feito a Deputación participou o pasado 22 de abril en Melgaço no encontro "Desafios da Cooperação Transfronteiriza & Conetividade e Acessibilidade Territorial: Qual o posicionamento do território do Alto Minho?". No que se abordou a creación dunha nova entidade de cooperación transfronteiriza con base na Reserva da Biosfera Gerês-Xurés. Por parte portuguesa as cámaras municipais que forman parte do Parque Nacional Peneda – Geres. Por parte ourensá os criterios para os concellos que integran a Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza dos territorios da Reserva da Biosfera Gêres-Xurés, son os concellos que integran o Parque Nacional, aos que se suman os concellos limítrofes coas cámaras portuguesas que forman parte do parque, é dicir, Quintela de Leirado, Cualedro, Baltar, Padrenda e Oímbra. Os criterios son os xa mencionados de localización xeográfica e a reunión cos concellos formalizarase no vindeiro mes.

- Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta. A Planta de Tratamento e Valorización de elementos da construción sita en Morgade, Plan Arraiano 2010 leva doce anos de espera para entrar en funcionamento. A pesar das mocións, preguntas e dos fondos alí enterrados, ¿cando pensa poñela en funcionamento agora que parece que o sector da construción remonta, e ten máis actividade, ou ben seguimos cada concello a retirar entullos de camiños, e valados por mor dos vertedoiros incontrolados? ¿Que ten pensado facer cunha instalación na que se investiron mais de 800.000 € dos cales 600.00 0€ son fondos FEDER e que segue sen funcionar?

- A Presidencia contesta dando lectura ao informe realizado pola Área de Medio Ambiente, no que se indica que no último informe realizado a este respecto, de data 25 de xuño de 2021, concluíase que as instrucións recibidas centrábanse en licitar un contrato de concesión, para a explotación da dita planta. Asemade, comentábase que para proceder á tramitación da dita concesión, debíanse revisar os estudos económicos e os pregos de cláusulas técnicas, realizados con anterioridade.

#### AVANCE NO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN

1. Durante o final do pasado ano e comezos deste, mantivéronse reunións con diversas empresas representativas do mercado, o que permitiu definir con maior claridade as necesidades e custos esenciais desta actividade para a súa explotación, así como, o prezo de mercado dos produtos que se pretenden valorizar, entre outros.

2. Así, unha vez, coñecido mellor o mercado actual, e ante a limitada dispoñibilidade do persoal técnico e a carga de traballo da Área na cooperación cos concellos para a prestación de servizos municipais básicos, procedeuse a contratar unha asistencia técnica para a realización de toda a documentación preliminar necesaria (estudo de viabilidade, fórmula de revisión de prezos...) tal e como o esixe a Lei de contratos do sector público, e poder así avanzar no camiño da contratación da concesión deste servizo.

#### TRÁMITES RELACIONADOS COA AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA, DA XUNTA DE GALICIA, LEVADOS A CABO DENDE A REALIZACIÓN DA ÚLTIMA CONSULTA

1. Dentro dos requisitos obrigatorios que deberá cumprir o explotador da planta, é a formalización da garantía de responsabilidade ambiental, en cumprimento do esixido no Real decreto 2090/2008, de 22 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental.

Co gallo de acelerar a apertura da dita planta, decidiuse que a Deputación, en paralelo ao procedemento de contratación, fose quen tramitase a dita garantía para que no momento de asinar o contrato, o explotador puidese poñela o antes posible en marcha, con todos os permisos e autorizacións necesarios.

Para poder determinar a contía da garantía, contratouse unha asistencia técnica que realizou unha análise de riscos ambientais e monetización desta, na que se concluía que ao ser inferior a 300.000 €, o explotador quedaría exento de constituíla.

Posteriormente, o pasado 17 de xaneiro de 2022, remitiuse a dita análise xunto coa declaración responsable do presidente desta institución, á Xunta de Galicia, pero ata a data presente, non se obtivo resposta.

2. Por outra banda, durante xuño e xullo do ano pasado, traballouse para presentar a documentación necesaria para solicitar a revisión da Autorización Ambiental Integrada, tal e como xa se informou na última consulta, e ata o momento non se tivo resposta ao respecto, por parte da Xunta de Galicia.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta en relación cos Fondos Next Generation, cantos fondos e con que fin están comprometidos nesta Deputación. En segundo lugar pregunta que liñas están solicitadas por esta Deputación nesta data.

- A Presidencia contesta dando lectura ao informe realizado polo xefe da Sección de Planificación, Seguimento de Investimento e Proxectos Europeos, no que sinala que con respecto a pregunta do Grupo Provincial do BNG en relación cos fondos Next Generation, segundo a información desta sección: Candidaturas concedidas financiadas con fondos Next Generation: - Proyecto CROu, Comercio Rual Ourense, Dixital, verde e social. Unha transformación dixital do comercio rural nun ámbito xeográfico supramunicipal de 3 comarcas (Celanova, Trives e Viana) que ocupan unha superficie de 1.686,9 quilómetros cadrados e engloba a 18 concellos que suman 26.656 habitantes, con unha media de 1.481 habitantes por concello. Ten un orzamento de 257.530 €. <https://www.crou2021-22.com/>

Outras candidaturas solicitadas pendentes de resolución financiadas con fondos Next Generation: - Proxecto AcelerOU, para impulsar a transición dixital de Pemes, autónomos e emprendedores nas zonas rurais da provincia a través dun programa de sensibilización e asesoramento, no marco da convocatoria de axudas para a creación da Rede de Oficinas Acelera Peme. Ten un orzamento de 474.224,60 €. - Proxecto EnOUturismo “Plan de Sostenibilidade Enogastronómico da Provincia de Ourense – EnOUturismo” que pretende impulsar a transformación competitiva do Enoturismo e outros recursos asociados ás explotacións agrogandeiras e á fastronomía presente en Ourense para incorporalo ao seu modelo turístico, contribuíndo así a conformar un destino turístico sostible, máis cohesionado territorialmente, cun maior atractivo turístico e cunha maior capacidade de competir. Ten un orzamento de 4.431.081,00 €.

- Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta en relación co acordo deste pleno adoptado para instar á RAG á dedicar o día das letras galegas de 2023 a Antón Tovar Bobillo, e instar á Deputación para xunto coa Xunta e o concello de Rairiz de Veiga se cree un museo de Antón Tovar na casa da Pereira. O pasado 17 de maio o presidente desta Deputación pedía o día das letras galegas para Pura e Dora Vázquez, e nunha xunta de goberno provincial, a instancia da Coral de Ruada, se pediu para Prado Lameiro, polo que pide que se aclare cal e a petición desta Deputación para o ano 2023. Tamén pregunta se a Deputación logo de que os servizos técnicos visitasen a Casa da Pereira, ten xa algún proxecto ou memoria para a creación do museo, e dunha residencia literaria, e se existe partida orzamentaria para todo isto.

A Presidencia contesta que antes debemos ter moi claro de quen é a propiedade do inmovible, xa que hai varios herdeiros, e que a idea da residencia literaria trasladada polos familiares lle parece moi interesante, e de ser viable esta iniciativa, se contemplaría partida nos orzamentos para o ano 2023.

Respecto ás candidaturas da RAG para o día das letras galegas, indica que o pleno xa se pronunciou e esa é a candidatura, que é a Antón Tovar, e que as outras son posibles candidaturas que representan á cultura e literatura de Ourense.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Roga que se faga a entrega da medalla de ouro da provincia a Isaac Alonso Estraviz, unha vez que o acordo xa foi adoptado polo pleno.

A Presidencia responde que previamente tense que facer entrega do recoñecemento a Acisclo Manzano, e que seguindo a orde, será a quenda de Isaac Alonso Estraviz.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre o estado no que se atopa a estrada provincial que chega ao pobo de San Vicente de Leira no concello de Vilamrtín de Valdeorras. Engade que despois de 28 anos de inseguridade hai unhas semanas produciuse un derrube de miles de toneladas de pedras e de terras na que se atopa asentado o derradeiro treito da estrada provincial OU-0807, estrada que a día de hoxe non existe, e cuxos derradeiros metros se atopan somerxidos nunha balsa. O único acceso que lle queda agora aos veciños é unha tortuosa estrada municipal de montaña, que se viu tamén afectada o día do derrubamento, ao verse inundada pola balsa de auga, se ben houbo moita sorte de que non se producise ningunha desgraza persoal. Pregunta se se vai manter o proxecto de trazado e construtivo para unha nova estrada provincial, e se existe dotación orzamentaria e cales serían

os prazos de execución, e de non ser así que actuacións contempla esta Deputación para recuperar o acceso dos veciños ao núcleo de San Vicente de Leira. Engade que os novos xestores e propietarios da canteira que se topa en funcionamento preto desa montaña mostráronse dispostos a colaborar no recheo da valga que podería estabilizar a montaña, o que abarataría o custo desta importante obra. Por último pregunta se hai un plan con etapas e datas para acometer a solución a este problema por parte desta Deputación.

A Presidencia indica que esta cuestión será respondida por escrito.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta en relación co convenio que vai asinar a Consellería de Medio Rural e esta Deputación para dotar de tractores a varios concellos. Desde o grupo socialista pediuse un listado coas peticións formuladas e a súa orde, e no derradeiro pleno se nos informou de cales ían ser os beneficiarios. A pregunta é que o concello de Manzaneda lle fixo chegar, tras unha conversa previa co presidente, unha solicitude á dirección de e-mail do gabinete de Presidencia para adquisición de tractor con base neste convenio. Por isto pide, xa que a solicitude non se fixo por rexistro xa que non se lle pediu así, que se teña en conta esta petición e senón pode ser se teña en conta para a vindeira anualidade, e pide que se dea publicidade a esta posibilidade de colaboración cos diferentes concellos para que todos aqueles interesados poidan presentar as súas peticións.

A Presidencia contesta que valorarán a viabilidade desta solicitude xa que para el, a priori, tamén debera ser tida en conta e ser considerada como unha solicitude.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

### **PEGADA DIXITAL VÍDEO**

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/Fe2eeWQwRtUO7RLmBQ8esaUzwkTULiE0QIPpCs01GWLiaFOj.wmv>

SHA512

ddff2f3146f07fa6fb78e3deba82822183142dc1df9c7112d349b5df9d9ed8a2bc8b368  
e8b9895b85a7384562296522169dbb0b05a499d4920695889d757d1d3

E, ás 12.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.